



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 63
16 de decembro de 2020

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de decembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001) [21833](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 6365 (11/MOC-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías (Moción consecuencia da Interpelación nº 4969, publicada no BOPG nº 49, do 19.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)

[21843](#)

■ 6408 (11/MOC-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 5670, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)

[21846](#)

■ 6424 (11/MOC-000018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2705, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2020)

[21847](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 6320 (11/PNP-000727)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos retos do ensino público galego tras a aprobación da Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de educación [21851](#)

I 6481 (11/PNP-000739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación contra a covid-19 [21857](#)

Admisión a trámite e publicación

I 6152 (11/PNP-000710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas actividades de conservación dos espazos naturais e do patrimonio natural e cultural levadas a cabo por colectivos e asociacións sen ánimo de lucro [21863](#)

I 6174 (11/PNP-000712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de turismo no medio rural para un período de cinco anos [21866](#)

I 6178 (11/PNP-000713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas ás entidades locais para o ano 2020 e durante a X lexislatura [21868](#)

I 6179 (11/PNP-000714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación laboral en que se atopan os traballadores do Consorcio Galego de Benestar [21870](#)



I 6189 (11/PNP-000715)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a axilización por parte do Goberno galego do procedemento para a declaración do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside como ben de interese cultural [21872](#)

I 6195 (11/PNP-000716)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recollida, o transporte e a reciclaxe dos plásticos e das rodas usados na agricultura e nas zonas gandeiras [21876](#)

I 6202 (11/PNP-000717)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia [21881](#)

I 6215 (11/PNP-000718)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan de intervención da vivenda baleira [21888](#)

I 6224 (11/PNP-000719)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o impacto do Real decreto 968/2020 para a frota galega de artes menores e arrastre [21893](#)

I 6226 (11/PNP-000720)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade educativa do Colexio de Educación Infantil e Primaria Valle-Inclán de Oleiros, referidas á mellora das súas instalacións [21896](#)

I 6236 (11/PNP-000721)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade [21899](#)

I 6250 (11/PNP-000722)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación sanitaria e laboral da factoría PSA de Balaídos, no concello de Vigo [21901](#)



I 6268 (11/PNP-000723)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Pérez López, Daniel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme, situado no promontorio do Roncudo, no concello de Ponteceso [21905](#)

I 6298 (11/PNP-000724)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións e a dotación de recursos materiais do punto de atención continuada da comarca de Lemos no Hospital Comarcal de Monforte [21909](#)

I 6306 (11/PNP-000725)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia da xestión e do financiamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín, así como o establecemento dunha liña de axudas dirixida aos concellos para a cobertura dos gastos deste tipo de centros [21912](#)

I 6313 (11/PNP-000726)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa diversificación das actividades no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol [21915](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 6410 (11/PPP-000030)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar a situación sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da covid-19, e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar que se produza unha terceira vaga no noso país [21919](#)

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**I 6497 (11/PPP-000031)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Da conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento [21922](#)



1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 6326 (11/INT-000425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino

[21924](#)

I 6485 (11/INT-000434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vacinación contra a covid-19

[21929](#)

Admisión a trámite e publicación

I 6172 (11/INT-000414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora das infraestruturas turísticas no medio rural

[21934](#)

I 6176 (11/INT-000415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local

[21936](#)

I 6181 (11/INT-000416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral dos traballadores do Consorcio Galego de Benestar

[21938](#)

I 6193 (11/INT-000417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte e a recollida de plásticos de uso agrícola

[21940](#)

I 6230 (11/INT-000418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as condicións dos centros escolares

[21944](#)

I 6244 (11/INT-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co patrimonio cultural

[21947](#)



I 6254 (11/INT-000420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación sanitaria e laboral no sector automobilístico

[21951](#)**I 6258 (11/INT-000421)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia forestal

[21954](#)**I 6265 (11/INT-000422)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez López, Daniel

Sobre os dereitos dos cidadáns nos proxectos de parques eólicos

[21960](#)**I 6302 (11/INT-000423)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre os puntos de atención continuada hospitalarios

[21964](#)**I 6317 (11/INT-000424)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a diversificación das actividades no sector naval

[21968](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 6327 (11/POP-000780)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da exploración das posibilidades que abre a Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de educación en relación cos retos do ensino en Galicia

[21971](#)**I 6442 (11/POP-000785)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas estradas de competencia autonómica

[21976](#)**I 6483 (11/POP-000788)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia dun informe que conteña toda a información referida á estratexia de vacinación contra a covid-19 [21978](#)

Admisión a trámite e publicación

I 6182 (11/POP-000770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da demora da Consellería de Política Social na atención da solicitude de xuntanza formulada polos traballadores do Consorcio Galego de Benestar [21983](#)

I 6199 (11/POP-000771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender a liña de axudas ao transporte e á recollida de plásticos de uso agrícola e demorar o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto [21985](#)

I 6219 (11/POP-000772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación, ao abeiro do artigo 88 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, de políticas de mobilización da vivenda baleira para a súa inclusión no mercado do alugueiro [21989](#)

I 6220 (11/POP-000773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da posta en marcha de medidas de presión fiscal sobre as vivendas baleiras propiedade de entidades ou persoas que acumulen un elevado número de inmobles, co fin de as incorporar ao mercado inmobiliario a prezos accesibles [21993](#)

I 6221 (11/POP-000774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso dun plan de intervención da vivenda baleira [21997](#)

I 6238 (11/POP-000775)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade [22001](#)

I 6255 (11/POP-000776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis



Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego respecto das denuncias sindicais referidas á seguridade sanitaria e á xestión dos contaxios de covid-19, así como a situación laboral na factoría PSA de Balaídos, no concello de Vigo [22003](#)

I 6303 (11/POP-000777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte [22006](#)

I 6310 (11/POP-000778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín [22009](#)

I 6318 (11/POP-000779)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para protexer, recuperar e promover a diversificación das actividades no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol [22012](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 6443 (11/PUP-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica [22015](#)

I 6459 (11/PUP-000087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre os principais traballos desenvolvidos pola Xunta de Galicia no conxunto catedralicio de Santiago de Compostela nos últimos anos [22017](#)

I 6465 (11/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade [22020](#)



I 6472 (11/PUP-000089)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades [22022](#)

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia**Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 6490 (11/POPX-000013)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia [22026](#)

I 6491 (11/POPX-000014)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19 [22027](#)

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.5. Membros do Consello de Contas**

I Acordo do 11 de decembro de 2020 de designación dun membro do Consello de Contas [21842](#)

1.6.16. Consello Consultivo de Galicia

I Acordo do 11 de decembro de 2020 de designación de tres membros electivos do Consello Consultivo de Galicia [21842](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de decembro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 6473, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 5637, 11/PPL-000001), ata o día 24 de decembro de 2020, ás 13.00 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 6365 (11/MOC-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación co saneamento das rías (Moción consecuencia da Interpelación nº 4969, publicada no BOPG nº 49, do 19.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)



- 6408 (11/MOC-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 5670, publicada no BOPG nº 52, do 25.11.2020, e debatida na sesión plenaria do 9.12.2020)

- 6424 (11/MOC-000018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector eólico. (Moción consecuencia da Interpelación nº 2705, publicada no BOPG nº 27, do 07.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2020)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 6320 (11/PNP-000727)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos retos do ensino público galego tras a aprobación da Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de educación (Procedemento de urxencia)

- 6481 (11/PNP-000739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa campaña de vacinación contra a covid-19. (Procedemento de urxencia)

Admisión a trámite e publicación

- 6152 (11/PNP-000710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas actividades de conservación dos espazos naturais e do patrimonio natural e cultural levadas a cabo por colectivos e asociacións sen ánimo de lucro



- 6174 (11/PNP-000712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de turismo no medio rural para un período de cinco anos

- 6178 (11/PNP-000713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas ás entidades locais para o ano 2020 e durante a X lexislatura

- 6179 (11/PNP-000714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación laboral en que se atopan os traballadores do Consorcio Galego de Benestar

- 6189 (11/PNP-000715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a axilización por parte do Goberno galego do procedemento para a declaración do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside como ben de interese cultural

- 6195 (11/PNP-000716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recollida, o transporte e a reciclaxe dos plásticos e das rodas usados na agricultura e nas zonas gandeiras

- 6202 (11/PNP-000717)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia

- 6215 (11/PNP-000718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan de intervención da vivenda baleira

- 6224 (11/PNP-000719)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o impacto do Real decreto 968/2020 para a frota galega de artes menores e arrastre



- 6226 (11/PNP-000720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade educativa do Colexio de Educación Infantil e Primaria Valle-Inclán de Oleiros, referidas á mellora das súas instalacións

- 6236 (11/PNP-000721)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade

- 6250 (11/PNP-000722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación sanitaria e laboral da factoría PSA de Balaídos, no concello de Vigo

- 6268 (11/PNP-000723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez López, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme, situado no promontorio do Roncudo, no concello de Ponteceso

- 6298 (11/PNP-000724)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instalacións e a dotación de recursos materiais do punto de atención continuada da comarca de Lemos no Hospital Comarcal de Monforte

- 6306 (11/PNP-000725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a asunción pola Xunta de Galicia da xestión e do financiamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín, así como o establecemento dunha liña de axudas dirixida aos concellos para a cobertura dos gastos deste tipo de centros

- 6313 (11/PNP-000726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa diversificación das actividades no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol



1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 6410 (11/CPP-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar a situación sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da covid-19, e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar que se produza unha terceira vaga no noso país

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 6497 (11/CPP-000031)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 6326 (11/INT-000425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de ensino

- 6485 (11/INT-000434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa vacinación contra a covid-19.

Admisión a trámite e publicación

- 6172 (11/INT-000414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora das infraestruturas turísticas no medio rural

- 6176 (11/INT-000415)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento local



- 6181 (11/INT-000416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación laboral dos traballadores do Consorcio Galego de Benestar

- 6193 (11/INT-000417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte e a recollida de plásticos de uso agrícola

- 6230 (11/INT-000418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as condicións dos centros escolares

- 6244 (11/INT-000419)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co patrimonio cultural

- 6254 (11/INT-000420)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación sanitaria e laboral no sector automobilístico

- 6258 (11/INT-000421)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia forestal

- 6265 (11/INT-000422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Pérez López, Daniel

Sobre os dereitos dos cidadáns nos proxectos de parques eólicos

- 6302 (11/INT-000423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre os puntos de atención continuada hospitalarios

- 6317 (11/INT-000424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a diversificación das actividades no sector naval



1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 6327 (11/POP-000780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da exploración das posibilidades que abre a Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de educación en relación cos retos do ensino en Galicia

- 6442 (11/POP-000785)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas estradas de competencia autonómica

- 6483 (11/POP-000788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia dun informe que conteña toda a información referida á estratexia de vacinación contra a covid-19

Admisión a trámite e publicación

- 6182 (11/POP-000770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da demora da Consellería de Política Social na atención da solicitude de xuntanza formulada polos traballadores do Consorcio Galego de Benestar

- 6199 (11/POP-000771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender a liña de axudas ao transporte e á recollida de plásticos de uso agrícola e demorar o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto

- 6219 (11/POP-000772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación, ao abeiro do artigo 88 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, de políticas de mobilización da vivenda baleira para a súa inclusión no mercado do alugueiro



- 6220 (11/POP-000773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da posta en marcha de medidas de presión fiscal sobre as vivendas baleiras propiedade de entidades ou persoas que acumulen un elevado número de inmobles, co fin de as incorporar ao mercado inmobiliario a prezos accesibles

- 6221 (11/POP-000774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do impulso dun plan de intervención da vivenda baleira

- 6238 (11/POP-000775)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade

- 6255 (11/POP-000776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego respecto das denuncias sindicais referidas á seguridade sanitaria e á xestión dos contaxios de covid-19, así como a situación laboral na factoría PSA de Balaídos, no concello de Vigo

- 6303 (11/POP-000777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver a problemática xerada pola precariedade das instalacións do Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no Hospital Comarcal de Monforte

- 6310 (11/POP-000778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín

- 6318 (11/POP-000779)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para protexer, recuperar e promover a diversificación das actividades no estaleiro de Navantia na ría de Ferrol



1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 6443 (11/PUP-000086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as peaxes que vai aplicar o Goberno galego a partir do 1 de xaneiro de 2021 nas autoestradas de competencia autonómica

- 6459 (11/PUP-000087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis

Sobre os principais traballos desenvolvidos pola Xunta de Galicia no conxunto catedralicio de Santiago de Compostela nos últimos anos

- 6465 (11/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da problemática existente no centro de menores Santo Anxo de Rábade

- 6472 (11/PUP-000089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da central térmica de Endesa, nas Pontes, en función das últimas novidades

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 6490 (11/POPX-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das medidas adoptadas durante os cen primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia

- 6491 (11/POPX-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión levada a cabo en relación coa crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.5. Membros do Consello de Contas****Acordo do 11 de decembro de 2020 de designación dun membro do Consello de Contas**

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 11 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

- 53954 (10/DMCC-000002)

Consello de Contas: designación

— Simón Rego Vilar

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.6.16. Consello Consultivo de Galicia**Acordo do 11 de decembro de 2020 de designación de tres membros electivos do Consello Consultivo de Galicia**

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 11 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

- 61942 (10/CCGD-000001)

Procedemento de designación de tres membros electivos do Consello Consultivo de Galicia (BOPG núm. 59, F1, do 09.12.2020)

— José Luis Costa Pillado

— Ignacio de Loyola Aranguren Pérez

— Alberte Souto Souto

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de decembro, sobre a política do Goberno galego en relación co saneamento das rías (doc. núm **4969**, [11/INT-000338]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Demandar do goberno do Estado a transferencia das seguintes competencias fundamentais para a xestións do mar e a costa:

- Ordenación do sector pesqueiro
- Investigación oceanográfica
- Portos de interese xeral
- Titulacións profesionais náutico pesqueiras
- Ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo terrestre
- Cuncas hidrográficas
- Meteoroloxía.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Elaborar un Plan de mellora das EDAR de xestión municipal, co obxecto de corrixir as deficiencias detectadas na auditoría á que foron sometidas por Augas de Galicia.

3. Encargar una auditoría sobre as EDAR de xestión autonómica e enviar os resultados ao parlamento. A partir deste estudo, desenvolver un Plan de mellora das estacións depuradoras xestionadas por Augas de Galicia.

4. Encargar un estudo independente sobre os investimentos realizados nas estacións depuradoras avaliando a idoneidade dos proxectos en canto a capacidade, tecnoloxía e emprazamento, así como os problemas de funcionamento e as deficiencias de xestión.

5. Informar ao Parlamento sobre o grao de execución do Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021 e abrir un proceso de consulta e participación para sobre as previsións e liñas de actuación prioritarias do seguinte Plan Hidrolóxico.

6. Elaborar un programa de protección de marismas así como de recuperación de espazos de dominio público marítimo terrestre ocupados por equipamentos e instalación industriais sen relación co mar e susceptibles de trasladarse a outros emprazamentos.

7. Aprobar un protocolo sobre o desaugamento de encoros e os seus efectos nas rías e nos bancos marisqueiros.

8. Encargar un estudo multidisciplinar ás universidades galegas sobre a situación xeral das rías galegas, os problemas de calidade das augas e de contaminación, o funcionamento dos sistemas de saneamento e depuración, os efectos do cambio climático, a baixada de produtividade e as propostas para o saneamento e a rexeneración destes ecosistemas únicos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

9. Elaborar, de xeito participativo, un Plan Integral para a rexeneración e o aproveitamento dos recursos naturais, produtivos, turísticos e de lecer das rías galegas. Con carácter complementario elaborárase un programa de protección e mellora das marismas, os ríos, das concas fluviais e dos humidais.”

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/12/2020 13:04:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 9 de decembro de 2020, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do cambio climático en Galicia (doc. núm. 5670).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Aprobar a declaración do estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer todas as futuras políticas do Goberno de Galicia, sexa cal sexa a súa cor política, para facer fronte a esta emerxencia que ameaza o noso futuro individual e colectivo.

2º) Comprometerse a activar, coa máxima urxencia, políticas transversais en todas as áreas e accións de goberno, para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática non máis tarde de 2050, de non ser posible facelo antes dende o punto de vista técnico e económico.

3º) Promover o investimento en I+D+i en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.

4º) Incluír nas accións de goberno, con carácter transversal, a dimensión de adaptación ao cambio climático, con medidas específicas na materia para limitar os danos causados por ese fenómeno.

5º) Implicarse activamente no Pacto Verde europeo, para promover decididamente a transición ecolóxica xusta e a integración de Galicia na nova economía verde.

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 12/12/2020 11:36:42

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/12/2020 11:37:10





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 10 de decembro, sobre a política do Goberno galego en relación co sector eólico (doc. núm **2705**, [11/INT-000154]).

Moción

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Desistir de impulsar cambios legislativos no sector eólico camuflados noutros proxectos de lei e impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Reforzar o persoal e o papel da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover unha oficina específica para o asesoramento técnico e administrativo necesario e atender as demandas de información pública que puideren existir así como a creación dun rexistro de información pública de contratos con información sobre os prezos pactados nos distintos parques.

3. Vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando:

- a) a participación pública da Xunta de Galiza, dos concellos galegos e das e dos propietarios das terras dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento de proxectos de desenvolvemento rural e industrial.
- b) un modelo de contrato tipo para particulares e comunidades de montes conforme propón o Observatorio Eólico Galego.
- c) Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen os novos parques.
- d) Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
- e) Programas de investigación e xeración de valor engadido en colaboración co tecido universitario e centros tecnolóxicos galegos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente:

a) o canon eólico deberá calcularse en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores

b) modificar o Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

5. incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais desenvolvendo figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura (reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012), Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico.

6. Dirixirse ao goberno central para demandar a corrección da Orde TED/1161/2020, do 4 de decembro, pola que se regula o primeiro mecanismo de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis e se establece o calendario indicativo para o período 2020-2025 de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar, nesta ou nunha orde específica a acordar nas correspondentes Mesas de Transición, poxas específicas de renovábeis nas zonas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima).”

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2020 10:43:36

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 10:48:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione a respecto dos retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende os anos 80, as diferentes leis educativas que se aprobaron no estado foron cambiando en función do perfil ideolóxico dos diferentes gobernos. Pero a pesar do debate partidista que estamos a vivir nestes días, todas as leis educativas que tivemos até o de agora parten dunha estrutura semellante que no relativo as competencias das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades no ámbito educativo oscilan en función do nivel de centralismo ideolóxico dos gobernos estatais de turno.

A este respecto, non dubidamos que a LOMLOE supón avances innegábeis fronte a reaccionaria LOMCE e dende o BNG dámoslle a benvida a eses avances. Pero do mesmo xeito entendemos que non podemos conformarnos cunha lei que na práctica supón unha volta actualizada á lexislación educativa do ano 2006. Unha volta cara a LOE na que ademais se manteñen algúns aspectos da Lei WERT que puideron ser corrixidos e non se fixo. Aspectos como a periodicidade na renovación dos concertos educativos que se mantén nos 6 anos impostos na LOMCE (cando na LOE eran 4 anos)

Por outra banda, no relativo ao ensino rural, non temos dúbidas de que ese é un eixo central para o ensino público galego. E se ben é certo que na nova lexislación educativa hai un apartado referido a este aspecto, o que consideramos positivo, non é menos certo que a redacción dalgúns dos puntos relativos a estes apartados pode facer que o desenvolvemento desta lexislación implique unha merma da oferta educativa no rural, tanto no último curso da ESO como nos bacharelatos.

Tamén nos resultan preocupantes as declaracións do presidente da Xunta de Galiza sobre a LOMLOE e o papel do galego non ensino. E preocúpanos porque é falso que a LOMLOE supoña ningún ataque ao castelán. O discurso do PP de Galicia e de Nuñez Feijóo asumindo o discurso máis reaccionario da ultradereita ten como único obxectivo afondar no odio á lingua galega, na diglosia e en empregar o galego como arma política aínda que sexa a costa da perda de falantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, e ante o escenario que se abre no que Xunta terá que iniciar o desenvolvemento normativo da LOMLOE, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Aplicar a lexislación vixente e explorar as posibilidades de suprimir no próximo curso os concertos educativos aos centros que segregan alumnado por sexo.
2. Consensuar cos axentes lingüísticos e educativos un novo decreto sobre o uso do galego no ensino que optimice as posibilidades da nova lexislación para empregar o galego como lingua prioritaria no ensino.
3. Consensuar cos colectivos e organizacións que traballan na diversidade a redución de ratios que se contemplan na LOMLOE para as aulas nas que se escolarice alumnado con NNEE.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2020 18:16:05

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 18:16:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 18:16:26

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 18:16:33

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2020 18:16:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 18:16:50

Daniel Castro García na data 10/12/2020 18:17:02

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 18:17:12

Alexandra Fernández Gómez na data 10/12/2020 18:17:21

María González Albert na data 10/12/2020 18:17:29

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:17:38

Rosana Pérez Fernández na data 10/12/2020 18:17:46

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:17:57

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 18:19:04

Noa Presas Bergantiños na data 10/12/2020 18:19:13

Mercedes Queixas Zas na data 10/12/2020 18:19:32

Paulo Ríos Santomé na data 10/12/2020 18:19:45

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/12/2020 18:19:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/12/2020 18:20:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á campaña de vacinación COVID-19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre a campaña de vacinación COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As noticias que chegan a través dos medios de comunicación sobre a inmediata posta en marcha do proceso de vacinación fronte ao SARS-CoV-2 espertan a preocupación das profesionais, especialmente das de Atención Primaria, sobre a planificación e desenvolvemento desta campaña de vacinación, que presenta características diferenciais cos programas de vacinación habituais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esixencia de condicións de frío extraordinarias no transporte e almacenamento dalgunhas vacinas, distribución en vias multidose, que requiren planificar as citacións para evitar a perda de dose, posíbel coincidencia de uso de diferentes vacinas, con diferentes formatos e instrucións específicas de manexo, necesidade de completar a cobertura de vacinación con dúas doses, nun contexto de uso de diferentes vacinas, necesidade de manter a distancia física e as medidas preventivas durante o proceso, as características especiais do Rexistro de vacinación, a necesidade de considerar posíbeis puntos de vacinación adicionais aos habituais.

Segundo diferentes fontes parece que se están estudando protocolos no contexto da “estratexia de vacinación da COVID-19” do Ministerio de Sanidade. Non se entendería que a poboación en xeral, mais especialmente xs profesionais responsables de desenvolver unha campaña de vacinación tan especial, tiveran esta información polos medios de comunicación.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Presentar un informe no Parlamento galego contendo toda a información sobre a estratexia de vacinación da COVID-19: número de profesionais que se van destinar a acometer a mesma, data prevista de inicio, duración prevista, doses das que vai dispoñer o sistema sanitario público galego, porcentaxe de poboación á que se ten previsto vacinar e en que prazo...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Realizar unha campaña de información clara ao conxunta dos galegos e galegas de cara a clarificar, puntos de administración, colectivos prioritarios, horarios...

-Ter en conta a opinión das profesionais con experiencia acreditada en campañas de vacinación, especialmente da Atención Primaria, neste proceso.

-Realizar de inmediato un proceso de formación e información ao conxunto de profesionais, no que se contemplen os criterios de prioridade dos grupos de poboación a vacinar, os aspectos fundamentais relacionados coa loxística e os criterios técnicos do proceso de vacinación.

-Presentar un informe no Parlamento galego contendo toda a información sobre a estratexia de vacinación da COVID-19.

-Realizar unha campaña de información clara ao conxunta dos galegos e galegas de cara a clarificar, puntos de administración, colectivos prioritarios, horarios...

-Ter en conta a opinión das profesionais con experiencia acreditada en campañas de vacinación, especialmente da Atención Primaria, neste proceso.

-Realizar de inmediato un proceso de formación e información ao conxunto de profesionais, no que se contemplen os criterios de prioridade dos grupos de poboación a vacinar, os aspectos fundamentais relacionados coa loxística e os criterios técnicos do proceso de vacinación.”

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 17:50:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 17:50:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/12/2020 17:50:55

María del Carmen Aira Díaz na data 14/12/2020 17:51:03

Xosé Luis Bará Torres na data 14/12/2020 17:51:18

Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 17:51:28

Daniel Castro García na data 14/12/2020 17:51:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/12/2020 17:51:52

Alexandra Fernández Gómez na data 14/12/2020 17:52:03

María González Albert na data 14/12/2020 17:52:13

María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 17:52:25

Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 17:53:04

Daniel Pérez López na data 14/12/2020 17:53:17

María Montserrat Prado Cores na data 14/12/2020 17:53:33

Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2020 17:53:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/12/2020 17:53:54

Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 17:54:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/12/2020 17:54:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/12/2020 17:54:25





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a penalización por parte de Augas de Galiza da participación veciñal en labores de conservación do patrimonio natural e cultural no caso da limpeza do regato Maceiras en Chapela .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de setembro os veciños e veciñas de Chapela reuníronse para realizar unha xornada de voluntariado comunitario para a limpeza do regato Maceiras que vai desembocar na praia de Arealonga. O encontro consistiu na retirada de lixo da contorna natural do leito do río e reuniu a numerosos veciños co obxectivo de coidar de forma altruísta a contorna común. Durante a xornada retiráronse varias toneladas de lixo de todo tipo, como plásticos, latas, material de obra e incluso restos dun vehículo diseminados polo río contaminando o curso fluvial. O obxectivo da Asociación de veciños de Chapela era o de facilitar o tránsito e a accesibilidade nesa contorna, co obxectivo de pór en valor o rico patrimonio etnográfico que se atopaba inaccesible para os veciños, limitando o coñecemento e a posta en valor do mesmo. Unha acción moi semellante a esta xa se puxeran en marcha en ocasións anteriores e conseguindo, por exemplo, hai un ano a mellora da contorna do río Fondón, con resultados exitosos.

Sen embargo nesta ocasión, e a pesar de que se trataba dunha acción voluntaria como en anteriores limpeza, Augas de Galiza emitiu unha resolución do Xefe do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galiza-Sur pola que se lles notificou a obriga de realizar unha autoliquidación por un importe de 36 euros. Con esta decisión Augas de Galiza está a penalizar as labores de coidado da contorna por parte da veciñanza. En lugar de estar promocionando, acompañando e incentivando o traballo veciñal o que está a facer Augas de Galiza é desincentivar este tipo de accións, que precisamente están a suplir o traballo que non se fai dende as administracións públicas.

Desde o BNG cremos que a Administración Pública debería ser en primeiro lugar quen debería estar a garantir o coidado dos cursos fluviais tanto a nivel ambiental e dos seus recursos naturais, como a nivel dos valores patrimoniais que albergan e estruturan. Pero en casos como este de Chapela, en que a sociedade vai por diante da Administración Pública na protección e salvagarda dos seus recursos, a Xunta de Galiza debería dar as máximas facilidades aos veciños e veciñas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Eliminar o recargo para aquelas actividades de mellora e conservación de contornas naturais realizados por colectivos sen ánimo de lucro.

2. Prestar apoio material, recursos e asesoramento para aquelas asociacións sen ánimo de lucro que teñen por obxectivo axudar á conservación do patrimonio natural e cultura mediante accións que promoven valores como a participación da veciñanza, a mellora das contornas naturais ou un maior coñecemento e conservación da riqueza cultural dun territorio.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 04 de decembro de 2020

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/12/2020 09:35:06

María do Carme González Iglesias na data 04/12/2020 09:35:16

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2020 09:35:23



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; mediante o que potencia o turismo como un factor de crecemento económico, valoriza os recursos turísticos e fomenta o turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O 29 de novembro de 2019 a Axencia Turismo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do *19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2020*, cun crédito orzamentario de 1,2 millóns de euros e co obxecto do fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Na información aos medios que a Xunta de Galicia colga na páx. *Web* referida ao Consello da Xunta desenvolvido o 3 de decembro expónse que “A Xunta de Galicia investiu máis de 3 millóns de euros no embelecemento e na mellora das infraestruturas turísticas no medio rural”, articulándose a través da sinatura de convenios con entidades locais que permitiron levar adiante 135 actuacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un Plan de turismo no medio rural para un período de cinco anos que conteña obxectivos medibles e contías económicas para o seu desenvolvemento.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2020 13:57:58

Pablo Arangüena Fernández na data 04/12/2020 13:58:20

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 13:58:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/12/2020 13:58:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/12/2020 13:59:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia consígnanse créditos destinados ás corporacións locais de Galicia que ano tras ano o Goberno galego deixa sen executar e que corresponden a diversos programas orzamentarios. Este feito constitúe un exemplo da deficiente xestión da Administración autonómica, pois son cantidades non recuperables que o final do exercicio se perden e que non contribúen a paliar o raquitismo financeiro que padecen a maioría dos concellos galegos.

No proxecto de orzamentos consolidado de gastos para o ano 2021, a Xunta de Galicia diminúe as contías destinadas a transferencias a entidades locais en máis de 11 millóns de euros.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Realizar as actuacións precisas para garantir o 100 % da execución das partidas destinadas a entidades locais galegas, xa para este ano 2020.
- 2º) Remitir á Cámara galega no primeiro trimestre do ano seguinte, un informe respecto da execución das diversas partidas dirixidas ás corporacións locais de Galicia durante a X lexislatura .
- 3º) Acordar coa Fegamp un incremento do Fondo de Cooperación Local tendo en conta as contías que o Goberno galego deixa sen executar destinadas aos concellos galegos.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2020 13:46:44

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/12/2020 13:47:17

Pablo Arangüena Fernández na data 04/12/2020 13:47:41

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 13:48:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/12/2020 13:48:19



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A asociación ASOCIATEM, está constituída por traballadores e traballadoras temporais e indefinidos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Neste momento ten case 300 asociados dos 1.300 traballadores do Consorcio que atópanse na mesma situación.

Hai meses que queren reunirse coa conselleira de Política Social cara acadar un diálogo do que poidan xurdir canles de actuación, cara a buscar unha solución a situación laboral na que se atopan, xa que teñen un 91 % de temporalidade.

Despois de múltiples escritos solicitando unha xuntanza, non recibiron ningunha contestación por parte da Consellería.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos entender nin compartimos este desleixo por parte da conselleira, que non se reúne cos seus traballadores e traballadoras, xa que non podemos esquecer que o Consorcio Galego de Benestar é un ente que depende da Consellería de Política Social.

Este comportamento se cabe é máis inadmisíbel no momento da pandemia no que nos atopamos, xa que estes traballadores e traballadoras, na maioría mulleres, levan dedicándose estes meses ao seu traballo cun plus de risco e tomando tódalas medidas para garantir espazos seguros da covid-19, e non prexudicar aos seus usuarios e usuarias, que son por exemplo nenas e nenos nas escolas infantís e maiores ou persoas con discapacidade nos centros de día.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que reciba aos representantes dos traballadores e traballadoras do Consorcio galego de benestar co fin de poder establecer unhas canles de diálogo cara a chegar a unha solución á situación laboral na que se atopan.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 17:24:18

Marina Ortega Otero na data 04/12/2020 17:24:26

Julio Torrado Quintela na data 04/12/2020 17:24:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/12/2020 17:24:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda de declaración BIC para o Museo Carlos Maside.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside créase en 1970 no Castro de Samoedo (Sada - A Coruña) anexo ao Laboratorio de Formas de Galicia.

Nace como un froito máis de país, dentro dun amplo proxecto vertebrador compartido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, co propósito de reunir as obras dos diferentes artistas galegos da xeración dos anos trinta, no desexo de rescatar ese capital cultural galego que implica a memoria do patrimonio cultural do exilio, que nos coloca na vangarda da arte internacional, ensanchando máis tarde os seus marcos cara á renovadora plástica galega contemporánea.

O Museo conta cun importante fondo artístico procedente de doazóns das coleccións persoais de Luís Seoane e Isaac Díaz pardo, e entre as obras recompiladas neste inigualábel arquivo museístico estás as do propio Carlos Maside, Castelao, Maruja Mallo, Urbano Lugrís, Xulia Minguillón, Laxeiro, Colmeiro...

Unha completa memoria artística nacional galega de incalculábel valor que desde 2016 está pechada ao público e cun estado de conservación descoñecido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un legado que é exemplo de recuperación da memoria galega que non está a ter o valor necesario por parte dos seus actuais propietarios, desde unha vinculación empresarial en que semellan primar máis os intereses económicos que os culturais.

Un museo de alto nivel canto aos fondos depositados, mais tamén canto ao propio edificio que o alberga, construído polo arquitecto Andrés Fernández Albalat, que presenta un alto nivel de deterioro e descoido exterior.

O deseño a través de módulos hexagonais do Museo Carlos Maside ofrece unha nova reflexión sobre a museoloxía, ao presentar un moderno concepto de museo territorio, un museo aberto ao diálogo entre os fondos da colección, intentando implicar a sociedade desde a reflexión. con el concepto de museo aberto, no solo de colección, sino de intercambio de ideas.

Desde hai unha década o Museo Carlos Maside camiña vinculado á petición de declaración BIC que foi aprobada por unanimidade en comisión parlamentar.

Unha tramitación para a incoación do expediente de protección anunciado polo goberno do PP desde 2012, mais que aínda non foi realidade.

No marco da función asesora que ten establecida por lei, o 10 de xaneiro de 2018 o plenario do Consello da Cultura Galega aprobou un informe sobre o Museo Carlos Maside instando o goberno galego á declaración de BIC e a manter unida a súa colección.

Ademais, tamén considera que colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte só se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A hemeroteca volvía anunciar meses despois que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciara os estudos previos necesarios para proceder á incoación da declaración como BIC do Museo Carlos Maside.

Transcorridos dous anos despois deste anuncio e dez anos desde a aprobación nesta cámara da petición do inicio do procedemento para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, comprobamos que esta aínda non se produciu, ao tempo que se anuncia por parte do actual propietario a próxima apertura ao público.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a acelerar o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, para garantir non só a preservación dos seus contidos e mais do propio continente arquitectónico, senón tamén a súa posta en valor, a difusión e o enriquecemento dos seus fondos.”

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 07/12/2020 12:29:48

Daniel Castro García na data 07/12/2020 12:30:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/12/2020 12:30:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas técnicas agrarias e os cambios na produción e conservación de forraxes animais para o inverno trouxo consigo a introdución e xeneralización do plástico como material imprescindible no proceso de ensilado. Tamén se botou man das rodas usadas de automóbil como elemento de presión dos silos.

Cálculos aproximados cifran en 9.000Tm. de plástico en forma de lona que se xeran anualmente nas zonas onde existe actividade agrogandeira das cales so se ven recollendo despois de ser usado arredor dun 50% tendo as outras un destino nada recomendable medioambiental e esteticamente.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que xeraban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuito de recollida e acopio para facilita-lo traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A súa magnitude, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras, máis a presión dos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

O montante do gasto era unha cantidade irrisoria, 24.200euros.

Este programa de axuda institucional foi interrompido no 2.017 argumentando que xa os gandeiros e agricultores acadaran a concienciación suficiente do perigo medioambiental que supoñían estes restos e que o obxectivo estaba conseguido. Mais se so se retiraba un 50% quedaban arredor de 4.500tm que se repartían por montes, explotacións, camiños e vertedoiros incontrolados. O obxectivo, pois, non estaba acadado.

En novembro do 2018 presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, ó finaliza-lo mentado programa volvemos velos nos contedores, cunetas das estradas, montes...

A realidade actual é que son os concellos con carga gandeira e agraria, con conciencia do problema e que xa viñan colaborando na recollida quen apeitaron co reto e continuaron coa recolla e transporte con cargo ás arcas municipais.

Nas empresas que se encargaban do seu tratamento, estes plásticos reconvertíanse en granza materia prima reutilizable que saía ós mercados internacionais e que era absorbida en grandes cantidades por China. Este mercado mudou, China deixou de comprar tanta cantidade e na actualidade esta granza que procede da reciclaxe ten pouca demanda baixando o seu prezo de xeito que, segundo parece, apenas cobre custos ás empresas que os tratan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos ós custos de recollida e transporte hai que lle sumar que as empresas de tratamento cobran sobre 100 euros/tm por procesar estes residuos.

E o desafío está servido. Concellos que poñen taxas ou que afrontan gastos que a fin de ano se converten en cifras dificilmente asumibles. O concello de Lalín estimaba en 100.000 euros o desembolso anual por este concepto.

E as rodas? Que facer con elas?

Nestes momentos as rodas a xeito de pesos para mante-la lona dos silos premida caeu en desuso e comezan a apareceren en vertedoiros incontrolados, camiños, monte, e en calquera lugar creando outro problema medioambiental moi serio ademais do feísmo.

O feito demostrado cientificamente que os plásticos ó degradarse pode incorporarse en forma de micropartículas que poden pasaren á cadea trófica e seren incorporadas ata o organismo humano está facendo medra-la conciencia social do problema. Non obstante nestes momentos non é dabondo e o problema segue aí. Plásticos e rodas vellas son unha ameaza para a sostibilidade e equilibrio da terra agraria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Elaborar un programa de recollida, transporte e reciclaxe dos plásticos usados de orixe agrícola que favoreza o acopio, entrega e reciclaxe e evite a súa queima ou enterramento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Establecer unha liña de axudas ós concellos de vocación agrícola-gandeira para a recollida e o acondicionamento dos puntos de acopio.

-Deseñar un plan especial de recollida e reciclaxe das rodas dos silos que caeron en desuso nas zonas gandeiras que evite a súa diseminación incontrolada, aparición en vertedoiros incontrolados e a súa queima ou desintegración por deterioro.”

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/12/2020 11:08:26

María González Albert na data 07/12/2020 11:08:41

María del Carmen Aira Díaz na data 07/12/2020 11:08:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 07/12/2020 11:09:07



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos seus deputados, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

O artigo 156 da Constitución Española garante a autonomía financeira das Comunidades Autónomas para o desenvolvemento e execución das súas competencias, de acordo cos principios de coordinación coa Facenda estatal e de solidariedade entre todos os españois. A autonomía financeira materialízase, como a propia Constitución establece no artigo 157 e entre outros, a través de recursos propios (os impostos, taxas e contribucións especiais que se establezan) e dos impostos cedidos total o parcialmente polo Estado, que se concretan a través de Lei Orgánica. A Lei Orgánica 8/1988 de Financiamento das CCAA (LOFCA), tras a súa última reforma, establece un abano de competencias en materia tributaria nos principais tributos cedidos (total ou parcialmente) ás CCAA; nomeadamente no Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF); no Imposto do Patrimonio (IP); no Imposto sobre as Sucesións e as Doazóns (ISD); ou nos impostos sobre transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados (ITP e AXD), sobre o xogo ou os impostos especiais sobre os hidrocarburos.

Coa excepción das CCAA do País Vasco e Navarra, que contan cun réxime foral recoñecido constitucionalmente (D.A.Primeira), todas as CCAA de España teñen desenvolvido, de acordo coa Constitución e a LOFCA, as súas propias políticas fiscais, que son recorrentemente validadas a través de procesos democráticos.

Galicia, en uso da súa autonomía fiscal, garantida no seu Estatuto de Autonomía (art. 42 e 44, e nas D.A) ven desenvolvendo desde o ano 2009 unha política tributaria caracterizada por unha responsable baixada dos



tributos, particularmente beneficiosa para as clases medias e as menos favorecidas, que ten permitido reducir a súa carga fiscal no IRPF ao 98,5% dos e das contribuíntes galegas; a práctica eliminación do ISD, xa que o 99,6 % dos contribuíntes están exentos do pago de este tributo (ao valorarse en menos dun millón de euros a herdanza que reciben dos seus proxenitores, fillos ou cónxuxes); e tamén poñer en marcha reducións fiscais selectivas, a maioría delas de carácter social (por exemplo a eliminación do ITP, cun límite en función do Patrimonio, para as persoas con discapacidade, os menores de 36 anos e as familias numerosas que mercan a súa vivenda en zonas pouco poboadas; ou incrementando as deducións por nacemento de fillos no IRPF) e tamén para a mobilización de recursos produtivos (por exemplo, liberando por completo do pago do ITPeAXD as compravendas de terreos rústicos, as agrupacións de fincas rústicas e as transmisións totais e parciais de explotacións agrarias, coa finalidade de dinamizar a economía do rural; ou con deducións fiscais no IRPF para impulsar a I+D+i).

Todas elas avaliadas pola cidadanía en sucesivos procesos electorais, porque permitiron estimular a economía en momentos de crise económica, ao tempo que a Comunidade Autónoma cumpría todas as normas de estabilidade financeira, o que conlevou a súa vez unha menor necesidade de recorrer ao endebedamento, que medrou significativamente por baixo en Galicia que no conxunto das CCAA españolas.

Especialmente significativa pola súa incidencia social resultaron as exencións introducidas no ISD. Porque Galicia, tamén ao amparo da Constitución de 1978 (art. 149.1.8º) e do Estatuto de Autonomía (art. 27.4), ten actualizado o seu dereito civil, no que salientan as figuras dos chamados pactos sucesorios (a “apartación” e o “pacto de mellora”, arts. 209 a 213 e 214 a 218 da Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia), que permiten, como acontece en Galicia desde tempos inmemoriais, a transmisión sucesoria en vida do causante de bens concretos aos herdeiros.

Ata hai poucos anos, a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) entendía que ao levarse a cabo as transmisións sucesorias en vida



do causante se xeraba unha ganancia patrimonial (ao igual que sucede nas doazóns) que obrigaba a tributar por tal concepto no IRPF. Diante desta práctica, que violentaba o noso Dereito Civil propio e por tanto o conxunto do ordenamento xurídico, o Parlamento de Galicia, por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, aprobou por unanimidade na súa sesión de 11 de novembro de 2014 unha Proposición Non de Lei na que se instaba a AEAT a abandonar unha interpretación que obrigaba aos galegos e galegas a recorrer á xustiza, que en múltiples ocasións lles daba a razón, ao ser desautorizada a actuación da AEAT en numerosos pronunciamentos dos Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Producida a rectificación por parte da AEAT, e coincidindo coa modificación do IS, nada menos que 135.811 galegos e galegas recibiron bens por transmisión sucesoria en vida desde o ano 2016 ata outubro do 2020; feito que da boa conta da importancia social destas institucións do noso dereito civil xa que, ao coincidir cun réxime fiscal favorable tras a rebaixa no IS, permitiu a moitos xoves poder acceder a unha vivenda, ou emprender un negocio.

Con estes antecedentes resulta sorprendente e chamativo comprobar que, unha vez máis, desta vez o actual Goberno de coalición PSOE-Podemos, trata de deturpar o noso dereito civil e a nosa autonomía fiscal mediante a introdución no Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente en tramitación no Congreso, dun artigo Terceiro, que modifica a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas, que no seu número Dos modifica o artigo 36 da mencionada Ley do IRPF, de xeito que se equipara a un suposto de fraude fiscal a transmisión dos bens herdados en vida a un terceiro mentres o causante segue vivo, polo que se obrigaría a tributar novamente por unha suposta ganancia patrimonial no IRPF.

Esta norma, de aprobarse, produciría unha evidente discriminación ao restrinxir a capacidade de disposición dos herdeiros en vida (que terían que agardar ao falecemento do causante para poder dispoñer dos bens); desvirtúa novamente a natureza dos pactos sucesorios contemplados no Dereito Civil de Galicia; xera unha grave incertidume xurídica ao non



preverse ningún réxime transitorio; e afecta por todo elo gravemente a autonomía de Galicia, tanto no que atinxe ao desenvolvemento do seu propio Dereito Civil como ao exercicio da autonomía financeira por parte da Comunidade Autónoma, que utiliza, de acordo coa Constitución e o Estatuto, as súas competencias en materia tributaria para realizar políticas económicas e sociais específicas.

Tendo en conta o antedito, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presente a seguinte Proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle:

1.- Que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución, o Estatuto de Autonomía e as leis lle recoñecen a Galicia.

2.- Que non chegue a acordos á marxe do Consello de Política Fiscal e Financeira e a Comisión Mixta de Transferencias Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, como órganos multilaterais e bilateral para a adopción de acordos que afectan á capacidade financeira de Galicia, e por tanto sen a participación da vontade da propia CA de Galicia expresada, como sinala a propia normativa, a través dos seus representantes democráticos e lexítimos, esto é, a Xunta de Galicia.

3.- Que propicie, na tramitación parlamentaria do Proyecto de Ley de Medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal, actualmente no Congreso, a supresión do artigo que reforma a Ley 35/2006 del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas para introducir a ficción legal consistente en declarar como comportamento fraudulento, que non admite proba en contrario, toda venta dos bens recibidos a través dos pactos sucesorios en vida regulados no Dereito Civil de Galicia; por tratarse dunha clara e inxustificada vulneración da autonomía competencial e financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, e do principio de lealdade institucional que debe presidir as relacións entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia.”

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 07/12/2020 13:05:40

Pedro Puy Fraga na data 07/12/2020 13:06:29

Valeriano Martínez García na data 07/12/2020 13:06:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/12/2020 13:07:12

Paula Prado del Río na data 07/12/2020 13:07:43

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 07/12/2020 13:09:22

Alfonso Rueda Valenzuela na data 07/12/2020 13:09:43

Francisco José Conde López na data 07/12/2020 13:10:14

Diego Calvo Pouso na data 07/12/2020 13:10:36

María Corina Porro Martínez na data 07/12/2020 13:10:56

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/12/2020 13:11:13

José Luis Ferro Iglesias na data 07/12/2020 13:11:38

Teresa Egerique Mosquera na data 07/12/2020 13:11:48

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/12/2020 13:12:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Alberto Pazos Couñago na data 07/12/2020 13:12:11

José Manuel Cores Tourís na data 07/12/2020 13:12:23

Román Rodríguez González na data 07/12/2020 13:12:35

Jesús Vázquez Almuíña na data 07/12/2020 13:12:46

María Sol Díaz Mouteira na data 07/12/2020 13:12:55

José Manuel Balseiro Orol na data 07/12/2020 13:13:07

Ovidio Rodeiro Tato na data 07/12/2020 13:13:25

Carmen María Pomar Tojo na data 07/12/2020 13:13:35

Fabiola García Martínez na data 07/12/2020 13:13:58

Ethel María Vázquez Mourelle na data 07/12/2020 13:14:10

María Ángeles Vázquez Mejuto na data 07/12/2020 13:14:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/12/2020 13:14:37

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/12/2020 13:14:52

María Elena Candia López na data 07/12/2020 13:15:04

José Antonio Armada Pérez na data 07/12/2020 13:15:29

Noelia Pérez López na data 07/12/2020 13:15:48

Marta Nóvoa Iglesias na data 07/12/2020 13:16:11

José González Vázquez na data 07/12/2020 13:16:23

Daniel Vega Pérez na data 07/12/2020 13:16:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/12/2020 13:16:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sandra Vázquez Domínguez na data 07/12/2020 13:17:01

Raquel Arias Rodríguez na data 07/12/2020 13:17:15

Ramón Carballo Páez na data 07/12/2020 13:17:45

Cristina Sanz Arias na data 07/12/2020 13:18:01

Borja Vereza Fraiz na data 07/12/2020 13:18:17

Martín Fernández Prado na data 07/12/2020 13:18:32

José Manuel Rey Varela na data 07/12/2020 13:18:56

Rosa María Quintana Carballo na data 07/12/2020 13:21:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o necesario impulso dun Plan de intervención da vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

As únicas medidas impulsadas neste sentido consistiron no Programa de vivendas baleiras cuxa errada orientación inicial determinou o resultado nulo do plan e o seu rotundo fracaso; o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza do que non se teñen publicado datos nin tampouco se traduciu en medidas concretas de actuación sobre estas; e o convenio do IGVS coa SAREB que se reducía a 50 vivendas e por un prazo limitado de tempo. Tres medidas que funcionaron exclusivamente como campaña de márketing da Consellería pero con nula incidencia real.

É momento de abordar de vez os problemas estruturais do parque inmobiliario e do acceso á vivenda asequíbel aplicando a lexislación actual e intervindo sobre o parque de vivenda baleira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un Plan de intervención na vivenda baleira que poña en marcha, entre outras, as seguintes medidas:

1. Impulsar de forma inmediata a mobilización de vivenda baleira en mans de grandes propietarios, mediante medidas de presión fiscal co obxectivo de que pasen a formar parte do mercado de alugueiro de longo prazo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Garantir un prezo accesible nas vivendas baleiras mobilizadas propiedade de grandes propietarios, para aquelas persoas en situación de vulnerabilidade social ou precariedade económica.

3. Realizar un seguimento, control e estudo do parque de vivendas baleiras distinguindo tipos de vivendas baleiras segundo a localización, o tipo de propietario e os motivos polos que se atopan en desuso.

4. Elaborar unha estratexia que procure o uso e conservación da vivenda baleira de pequenos propietarios, ben sexa por parte dos mesmos ou mediante políticas de mobilización da vivenda baleira nos réximes de alugueiro ou compra a prezos accesibles; prestando especial atención a entornos onde se producen procesos de despoboación ou onde exista menor oferta e maior tensión do mercado.”

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/12/2020 09:35:20

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2020 09:35:23

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2020 09:35:28



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A principios de xuño a Consellería do Mar presentou observacións ao proxecto de Real Decreto 968/2020, de 10 de novembro polo que se modificaba o *Real Decreto 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste*, publicado recentemente (*Real Decreto 968/2020, de 10 de novembro*).

Na súa virtude, o Goberno central modificou as condicións para a pesca do rape coa arte de rasco neste caladoiro, incrementando a lonxitude das artes dentro dos límites comunitarios permitidos e reducindo a súa luz de malla.

Con relación á medida da malla ata os 250 mm e á extensión dos aparellos ata os 20.000 m, o *Regulamento (UE) 2019/1241* establece unha malla de 220 mm en fondos inferiores a 200 m, permitindo só traballar en fondos entre 200-600 m con malla de 250 mm e non máis de 20.000 m.

Trátase dunha decisión que, por unha parte, xera incongruencia ao incrementar o tamaño de malla con carácter xeral e ao non reduci-lo noutras zonas en liña co Regulamento comunitario; e que, por outra parte, xera importantes esforzos en augas de menor profundidade polo feito de incrementar o límite de aparello ata os 20.000 m en toda a zona CNW sen diferenciación de fondo. Un feito que debería estar fundamentado, xa que nas augas menos profundas pódese concentrar un importante esforzo pesqueiro con gran número de unidades e durante períodos amplos de tempo.

Ademais, entendemos que se debería xustificar e comprobar tamén a afectación das disposicións desta modificación legal sobre os barcos que se benefician da atribución da cota para censos diferentes de arrastre de fondo e rasco, que dispoñen dun 28,50% da cota e que agrupa a unha mancha de embarcacións de artes menores de Galicia.



Neste senso, estes barcos poden ver modificado ou alterado o seu réxime de traballo e rendemento por esta modificación, cuestión que tamén afecta á pesquería do arrastre. Por tanto, é necesaria esa xustificación e previsión de efectos ante unha posible variación no equilibrio que esta pesquería mantén, tanto en termos extractivos como comerciais.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que proceda a revisar o Real Decreto 968/2020, de 10 de novembro de cara a evitar un prexuízo á frota de artes menores e arrastre galega, tendo en conta a modificación substancial que esta norma pode traer sobre o esforzo pesqueiro realizado sobre o aproveitamento das cotas e sobre a estrutura de comercialización das especies que captura o rasco”.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/12/2020 09:56:44

Teresa Egerique Mosquera na data 09/12/2020 09:57:05

José Manuel Balseiro Orol na data 09/12/2020 09:57:18

José Manuel Cores Tourís na data 09/12/2020 09:57:32

Martín Fernández Prado na data 09/12/2020 09:57:43

José Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2020 09:58:02

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/12/2020 09:58:14

Daniel Vega Pérez na data 09/12/2020 09:58:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Mercedes Queixas Zas** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en demanda de melloras reclamadas pola comunidade educativas do CEIP Valle Inclán de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria, económica e social xerada após a irrupción da pandemia do coronavirus debe facer prestar especial atención por parte da Xunta de Galiza ás necesidades do ensino do noso país.

A crise provocada polo coronavirus puxo de manifesto a importancia do sistema educativo como servizo público e do ensino como dereito, mais tamén as consecuencias dos recortes orzamentarios practicados no ensino público desde o ano 2009-

Unha realidade que se repite en multitude de centros educativos galegos é o progresivo deterioro ao que, por falta do necesario mantemento progresivo, se viron sometidos desde hai anos.

Un mantemento inexistente en infraestruturas que acaba por dificultar o desenvolvemento da docencia na actualidade á hora de facer fronte ao estricto cumprimento dos protocolos educativo-sanitarios derivados da xestión da pandemia da COVID-19.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As carencias na accesibilidade aos centros, mesmo limitadoras en caso de mobilidade reducida pola presenza de escaleiras, tanto no interior como no exterior dos centros, xunto á falta de espazos cubertos, que obrigan a entraren molladas as crianzas no centro ou non dispoñeren de espazos cubertos para o necesario tempo de recreo, son algunhas das demandas reiteradas pola comunidades educativas.

Todas estas demandas frecuentes en Galiza concéntranse na realidade diaria do CEIP Valle Inclán de Oleiros (A Coruña).

A maiores, este centro presenta unha eiva de dotación de recursos na súa infraestrutura básica, xa que hai tres aulas de educación infantil que non contan con aseo, unha demanda cursada durante anos pola comunidade educativa perante a Xefatura Territorial de Educación sen resposta de ningún tipo por parte desta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a actuar de forma prioritaria e urxente no CEIP Valle Inclán de Oleiros (A Coruña), atendendo ás demandas reiteradas de adecuación das instalacións do edificio escolar dotando as aulas de educación infantil de aseo propio, así como á construción de espazos cubertos que permitan acoller o alumnado nas entradas e nos tempos de recreo nos longos días de chuvia que se suceden ao longo de todo o curso, evitando molladuras innecesarias e permitindo un maior e mellor cumprimento das normativas sanitarias propias da pandemia.”

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/12/2020 10:08:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/12/2020 10:08:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputados, **Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Segundo a Administración competente do Programa de acollemento residencial, os centros de menores son fogares alternativos nos cales, de feito temporal, cóidanse aos menores que residen nos mesmos, ou ben, mediante o apoio preciso durante determinadas horas do día aínda que continúen residindo nalgúns casos coas súas familias. A titularidade e xestión é competencia da Consellería de Políticas Social.

Non debemos esquecer que, segundo a propia normativa, se atende nestes centros a menores de idade que, de acordo coa normativa en vigor, estean en situación de risco, desamparo ou conflito social, e nos que se desenvolven con regularidade programas e actividades dirixidos a este sector da poboación, e que estes centros deben reproducir as condicións de vida do menor da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

Nas última semanas, a través dos medios de comunicación, púxose de manifesto que existían problemas importantes en canto á xestión nos centros de menores en Galicia. En concreto o de Santo Anxo de Rábade está a vivir problemas de conducta nos menores que dificultan e poñen en perigo o traballo de distintos profesionais á vez que dificultan a calidade da atención e o propio benestar dos menores.

Tendo en conta que o benestar dos menores e a súa propia seguridade é primordial, así como o traballo e seguridade do persoal laboral do centro, consideramos vital que a Consellería de Política Social analice a xestión destes centros e tome medidas para solucionar aquelas situacións que fan incompatible o cumprimento das finalidades destes centros, aportando propostas de solución para os problemas detectados.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de xeito inmediato analice a situación dos menores así como das medidas a adoptar en canto aos acontecementos sucedidos no centro de Santo Anxo de Rábade para garantir o cumprimento das finalidades do centro, garantindo a compatibilidade dos dereitos dos menores e a seguridade dos traballadores do centro.”

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Luis Manuel Álvarez Martínez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/12/2020 15:30:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/12/2020 15:33:37

Julio Torrado Quintela na data 09/12/2020 15:33:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/12/2020 15:33:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputados **Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación sanitaria e laboral da factoría PSA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a primeira onda da Covid19, iniciada o pasado mes de marzo, a dirección de PSA en Vigo reaccionou tarde, ata o punto de que a factoría de Balaídos foi a última en todo o Estado en paralizar a produción, en grande medida forzada pola presión sindical, social e institucional.

No mes de maio a factoría recuperou a actividade cun protocolo de medidas preventivas. Este protocolo aplicouse ata principios de xuño, momento no que se pasa a un protocolo de desescalada no que se reducen as medidas preventivas considerablemente.

A partir do 1 de xullo as medidas anti-covid redúcense até ser case testemuñais e na súa maioría acaban por recaer sobre os traballadores e as traballadoras reducindo o seu tempo de descanso efectivo, dado que dentro das pausas fisiolóxicas (dedicadas a acudir ao servizo, beber, alimentarse ou refrescarse), teñen que incorporar tamén tarefas de desinfección e padecen as restricións por aforo no acceso a espazos como os aseos.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As organizacións sindicais denuncian a falla de transparencia, por parte da dirección do centro, no relativo aos casos positivos por Covid19 entre o persoal da factoría. Aliás, os sindicatos CIG e CUT teñen trasladado a denuncia da insuficiencia de medidas de contención e prevención fronte á Covid na factoría de PSA en Vigo, tanto á Inspección de Traballo, como á Consellaría de Sanidade e o Servizo Xeral de Inspeccións Sanitarias.

Nesta situación, e a pesar do xa relatado, PSA ten acelerado o seu ritmo de produción e a intensidade da carga de traballo co obxectivo de bater un novo récord de produción. De tal maneira que, a pesar das medidas de prevención (como a utilización de EPI) desde o mes de setembro o nivel de produción é máximo, igualando ou mesmo superando o rexistrado con anterioridade ao inicio da pandemia.

Desde o BNG consideramos que non é aceptábel que este incremento na produción a costa de limitar a eficacia das medidas preventivas e de reducir o tempo de descanso do persoal, que en circunstancias normais xa é o mínimo legal de acordo co fixado pola Organización Internacional do Traballo (OIT).

O Goberno galego, en tanto que autoridade laboral, non ten exercido as súas competencias no relativo á supervisión do cumprimento das medidas preventivas, a adecuada xestión dos casos de contaxio e o estricto respecto aos tempos de descanso dos e das traballadoras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Comprobar a existencia e correcto funcionamento dun protocolo antiCovid na factoría PSA de Balaídos (Vigo).

2. Actuar vixiando o cumprimento das medidas preventivas, a adecuada xestión dos casos de contaxio e o estrito respecto aos tempos de descanso.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 09:20:39

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 09:20:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 09:20:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2020 09:21:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o proxecto de repotenciación do parque eólico do promontorio do Roncudo en Corme (Ponteceso).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aprobou o proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme, situado no promontorio do Roncudo, que vai supoñer o cambio de 61 aeroxeradores de 3º m de alto e 31 m de diámetro do rotor por muíños de 93 m de altura e 114 m de diámetro de rotor.

Os novos aeroxeradores están situados nun lugar de grande interese ambiental e cultural. Afectan a espazos protexidos pola Rede Natura (ZEPA e ZEPVN), unha área de especial interese paisaxístico e espazos con xacementos arqueolóxicos. Na zona tamén existen hábitats de turbeiras e un humidal protexido, o Pozo da Lagoa.

Nos traballos previos á instalación dos novos aeroxeradores a empresa EDP Renovabéis está a realizar impactantes movementos de terras, excavacións e explanacións tanto para construír as bases dos muíños, para as pistas de acceso (que máis parecen autopistas) e para as vías de evacuación. Tal como se pode comprobar nas imaxes adxuntas, estas obras están a ter un forte impacto nunha paisaxe protexida e de elevados valores naturais e culturais. Ademais, por se isto non fose suficiente, a empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

beneficiase dunha normativa e dun trato favorábel por parte da administración, que lle permite deixar no lugar a cimentación dos aeroxeradores antigos que foron retirados.

Se se permiten estas intervencións devastadoras dentro ou nas proximidades da Rede Natura, nas inmediacións dun humidal protexido e no ámbito de protección de xacementos de arte rupestre, que impactos podemos agardar noutros lugares que non contan con esta suposta protección?

Ademais do forte impacto destas obras no territorio e na paisaxe, a tramitación do proxecto caracterizouse pola opacidade, pola falta de información, pola nula participación e polos abusos e irregularidades cometidos pola empresa coa complicidade das administracións, nomeadamente da Xunta de Galiza. Por parte das persoas propietarias de terreos afectados polo parque denunciáronse diante do goberno galego numerosas ilegalidades como pistas construídas en terreos sen expropiar, expropiación de fincas que xa están ocupadas polo parque antigo e polo novo, ou modificacións de contratos en vigor, máis favorábeis para as persoas propietarias, e que tiñan una vixencia de 25 anos.

Malia que asociacións veciñais e persoas propietarias pediron o amparo e a supervisión da Xunta no proceso de ocupación dos terreos, a resposta da administración galega foi evasiva, permitindo que na práctica se perpetrase una especie de dereito de pernada medieval adaptado ao século XXI.

Ademais de modificar a lexislación para favorecer os intereses de grandes grupos económicos, tanto a Consellaría de Industria como a de Medio Ambiente protexen, amparan e consenten os abusos e irregularidades cometidos por estas empresas depredadoras, deixando a veciñanza nunha absoluta indefensión. No canto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poñerse do lado da veciñanza e defender os seus dereitos, a administración galega actúa ao servizo dos intereses de empresas de dubidosa reputación e moi malas prácticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha investigación sobre as supostas irregularidades e abusos cometidos pola empresa promotora do proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme, garantindo a máxima transparencia e participación da veciñanza e defendendo os seus dereitos.

2. Realizar un informe sobre os impactos das obras de explanación e excavación levadas a cabo pola empresa e sobre a afectación a espazos naturais e culturais protexidos, co obxecto de garantir a protección dos mesmos.

3. Paralizar os traballos en tanto non se realicen a citada investigación e informe.

4. Abrir un expediente informativo para depurar responsabilidades por parte da empresa promotora e obrígala a reparar os posíbeis danos causados a propiedades particulares e a espazos protexidos.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 11:04:31

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2020 11:04:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o PAC de Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Lemos conta cun Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no propio Hospital Comarcal de Monforte, e con motivo da Pandemia COVID o establecemento dá dobre vía nos servizos de entrada á Sanidade neste caso de Urgencias e PAC fixo que fora trasladado a unha zona que non viñan ocupando.

En ningún momento foi consultado o persoal do PAC, nin sequera se contou con el para ver se se podían tomar medidas para outra situación.

Isto fixo que se dea unha situación de inseguridade sanitaria para usuarias/os e tamén para o persoal, e o da inseguridade á que nos referimos vai dende o ateigamento do persoal (do hospital e PAC) en admisión de urgencias, ata a sobre ocupación que se pode chegar a dar, e que se dá, na sala de espera compartida para pacientes, que non reúne os máis mínimos requisitos en canto á separación e que aínda que conta cunha fiestra, o día que tivemos que acudir estaba perfectamente pechada porque xa era noite e o frío imperaba.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As urxencias extrahospitalarias non teñen almacén, nin sala de curas, nin tampouco box propios, usan dous da urxencia, todo canto se modificou para uso de pacientes ou persoal ponos en situación de risco.

É innegable que trala ampliación o hospital conta con espazos suficientes para reestruturar as urxencias con criterios obxectivos e sentido común, incluso poden contar coas suxestións do persoal que traballa a diario e que sabe perfectamente as necesidades que teñen, eles e máis os usuarios/as.

Queremos facer fincapé en que, dende o noso punto de vista, un PAC dentro de un Hospital debe servir para que poidan usar máis medios e que polo tanto sexa máis resolutivo, pero que non debe ser usado para aliviar as urxencias do propio hospital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a recolocar as instalacións do PAC da Comarca de Lemos nunha zona do Hospital que garanta a máxima seguridade para persoal e doentes, así como, que tamén lle facilite os medios de traballo adecuados para os/as profesionais.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 16:54:13

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 16:54:16

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 16:54:23

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 16:54:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e deputado **Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para que a Xunta de Galiza asuma a xestión e financiamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Lalín conta cun Conservatorio Profesional de Música que depende do mesmo. Este servizo é unha competencia impropia que presta o concello, xa que as ensinanzas artísticas, as musicais, son unha competencia da Xunta de Galiza.

Este conservatorio conta con 170 alumnxs, 14 profesores e unha persoa que realiza a limpeza. O orzamento anual é de 368.000 euros.

As ensinanzas que se prestan no conservatorio están sometidas ás mesmas obrigas que as que se imparten en centros que dependen directamente da Xunta, da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade en canto a currículo, programación ou inspección educativa.

A dependencia do conservatorio do concello supón un agravio tanto para este como para o alumnado. Para o concello porque ten que soportan un elevado custe para as arcas municipais, que ademais presta este servizo educativo a alumnxs non só de Lalín, senón tamén de concellos da contorna. 56 alumnos/as pertencen aos concellos de Silleda, Agolada, Rodeiro, Antas, Chantada e incluso Santiago; a maiores supónlle





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultades na súa xestión cotiá como é a contratación de persoal. Para o alumnado porque paga unhas taxas que chegan a triplicar as que se pagan nos centros directamente dependentes da Xunta.

O conservatorio cumpre ademais da labor educativa, unha función de cohesión e dinamización social, presta un servizo fundamental para a formación musical de mozos e mozas da comarca do Deza xa que entre o seu alumnado figuran integrantes das bandas de música de Lalín, Vilatuxe, Muimenta ou Prado, que de non existir este centro terían que desprazarse a Santiago ou Pontevedra, con prexuízos que lles suporía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a insta a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade á:

1. Asumir a xestión e financiamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín.
2. En tanto non se produce a integración, aprobar unha liña de axudas destinadas aos concellos que teñen Conservatorios Profesionais para cubrir os gastos dos mesmos.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 17:25:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 17:25:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a diversificación de actividades en Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobernos, non é outro que poñer Navantia a traballar, desfacéndose das restricións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de Sea Europe.

A industria da construción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de Navantia na ría de Ferrol bo exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.

Un de eses segmentos de actividade son os contratos para o sector da eólica mariña nos que ven traballando Navantia, que deberían aproveitarse para recolocar a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fábrica de turbinas nese sector, ampliando a participación de Navantia ría de Ferrol naqueles elementos de maior valor engadido de estes proxectos.

Neste sentido preocupánnos os pasos, precisamente en sentido contrario, que a dirección de Navantia está a dar, que parecen encamiñados a abandonar a eólica mariña, xa que segundo información transmitida polo comité de empresa estase a negociar un contrato marco para prover de monopiles a Iberdrola durante 5 anos, no que a participación de Navantia na UTE con Windar pasaría dun 70% a menos dun 10%. A participación de Navantia redúcese a facer de caseiro da Windar.

Mentres o presidente da Xunta acudía a Fene a celebrar os fitos da alianza Navantia-Windar, a CIG xa advertía de que cando Navantia non ten persoal propio nestes proxectos, cando renuncia a controlar a subcontratación de empresas na parte da obra que lle correspondía pola súa participación na UTE, cando renuncia a determinados proxectos de asesoramento, formación, ou reparación internacionais en favor da súas contratas, é porque non ten interese no sector.

Estes feitos coinciden no tempo coa decisión de que a fábrica de turbinas deixe de ser unha división con dirección propia dentro de Navantia.

Xusto nun momento en que a descarbonización da mobilidade marítima é a chave para facerse un oco no sector, a fábrica de turbinas, que podía e debía ser o cerne dunha nova área de actividade de forte impronta tecnolóxica e innovadora, perde galóns, recursos e actividade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Solicitar a súa entrada no Consello de Administración de Navantia conforme ao establecido no artigo 55 do Estatuto de Autonomía de Galiza.

2. Demandar do Goberno do Estado a constitución dunha mesa de ámbito galego para a promoción da diversificación de actividades nos estaleiros de Navantia ría de Ferrol, e nomeadamente:

a. Potenciar a participación de Navantia ría de Ferrol no sector da eólica mariña con recursos propios, manténdose, cando non sexa posíbel, como socia maioritaria nas UTEs con Windar ou con calquera outra sociedade.

b. Dotar a fábrica de turbinas de dirección e recursos propios suficientes para a definición de novos produtos destinados ao sector das enerxías renovábeis en xeral, para fomentar a súa introdución e participación nos contratos da eólica mariña en particular.

c. Introducir tamén á fábrica de turbinas naqueles segmentos de actividade relacionados cos novos modelos sustentábeis de mobilidade marítima, procurándose as colaboracións con centros de investigación ou empresas que fosen precisas.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 18:09:46

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:09:49

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:09:56

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2020 18:10:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Presidente da Xunta de Galiza**, para avaliar a situación sanitaria, económica e social provocada pola pandemia da COVID-19, e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar que se produza unha terceira onda no noso país.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 09:09:40

Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 09:09:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/12/2020 09:09:59

María del Carmen Aira Díaz na data 14/12/2020 09:10:07

Xosé Luis Bará Torres na data 14/12/2020 09:10:22

Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 09:10:30

Daniel Castro García na data 14/12/2020 09:10:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/12/2020 09:10:52

Alexandra Fernández Gómez na data 14/12/2020 09:11:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/12/2020 09:11:15

María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 09:11:23

Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 09:11:32

Daniel Pérez López na data 14/12/2020 09:11:41

María Montserrat Prado Cores na data 14/12/2020 09:11:51

Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2020 09:12:08

Mercedes Queixas Zas na data 14/12/2020 09:12:16

Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 09:12:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/12/2020 09:12:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/12/2020 09:12:44





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2020 09:51:32
Nº Rexistro: 6497

Data envío: 15/12/2020 09:51:32.651

Data 15/12/2020 09:51

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da Conselleira de Emprego e Igualdade para **“informar sobre a evolución da emerxencia sanitaria da covid-19 en relación coas previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento”**.

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2020 09:51:32
Nº Rexistro: 6497
Data envío: 15/12/2020 09:51:32.651

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/12/2020 9:51:24

CSV: BOPGDSPGfmMb6cDsrn5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione a respecto dos retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende os anos 80, as diferentes leis educativas que se aprobaron no estado foron cambiando en función do perfil ideolóxico dos diferentes gobernos. Pero a pesar do debate partidista que estamos a vivir nestes días, todas as leis educativas que tivemos até o de agora parten dunha estrutura semellante que no relativo as competencias das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades no ámbito educativo oscilan en función do nivel de centralismo ideolóxico dos gobernos estatais de turno.

A este respecto, non dubidamos que a LOMLOE supón avances innegábeis fronte a reaccionaria LOMCE e dende o BNG dámoslle a benvida a eses avances. Pero do mesmo xeito entendemos que non podemos conformarnos cunha lei que na práctica supón unha volta actualizada á lexislación educativa do ano 2006. Unha volta cara a LOE na que ademais se manteñen algúns aspectos da Lei WERT que puideron ser corrixidos e non se fixo. Aspectos como a periodicidade na renovación dos concertos educativos que se mantén nos 6 anos impostos na LOMCE (cando na LOE eran 4 anos)

Por outra banda, no relativo ao ensino rural, non temos dúbidas de que ese é un eixo central para o ensino público galego. E se ben é certo que na nova lexislación educativa hai un apartado referido a este aspecto, o que consideramos positivo, non é menos certo que a redacción dalgúns dos puntos relativos a estes apartados pode facer que o desenvolvemento desta lexislación implique unha merma da oferta educativa no rural, tanto no último curso da ESO como nos bacharelatos.

Tamén nos resultan preocupantes as declaracións do presidente da Xunta de Galiza sobre a LOMLOE e o papel do galego non ensino. E preocúpanos porque é falso que a LOMLOE supoña ningún ataque ao castelán. O discurso do PP de Galicia e de Nuñez Feijóo asumindo o discurso máis reaccionario da ultradereita ten como único obxectivo afondar no odio á lingua galega, na diglosia e en empregar o galego como arma política aínda que sexa a costa da perda de falantes

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa a Xunta de Galiza aplicar a lexislación vixente e suprimir no próximo curso os concertos educativos aos centros que segregan alumnado por sexo.?

- Vai a Xunta de Galiza consensuar cos axentes lingüísticos e educativos a redacción dun novo decreto sobre o uso do galego no ensino que optimice as posibilidades da nova lexislación para empregar o galego como lingua prioritaria no ensino?

- Vai a Xunta de Galiza consensuar cos colectivos e organizacións que traballan na diversidade a redución de ratios que se contemplan na LOMLOE para as aulas nas que se escolarice alumnado con NNEE?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2020 18:37:25

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 18:37:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 18:37:44

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 18:37:59

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2020 18:38:12

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 18:38:21

Daniel Castro García na data 10/12/2020 18:38:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 18:38:46

Alexandra Fernández Gómez na data 10/12/2020 18:38:57

María González Albert na data 10/12/2020 18:39:09

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:39:24

Rosana Pérez Fernández na data 10/12/2020 18:39:35

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:39:43

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 18:39:51

Noa Presas Bergantiños na data 10/12/2020 18:39:57

Mercedes Queixas Zas na data 10/12/2020 18:40:08

Paulo Ríos Santomé na data 10/12/2020 18:40:18

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/12/2020 18:40:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/12/2020 18:40:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa á campaña de vacinación COVID-19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre a campaña de vacinación COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As noticias que chegan a través dos medios de comunicación sobre a inmediata posta en marcha do proceso de vacinación fronte ao SARS-CoV-2 espertan a preocupación das profesionais, especialmente das de Atención Primaria, sobre a planificación e desenvolvemento desta campaña de vacinación, que presenta características diferenciais cos programas de vacinación habituais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esixencia de condicións de frío extraordinarias no transporte e almacenamento dalgunhas vacinas, distribución en viais multidose, que requiren planificar as citacións para evitar a perda de dose, posíbel coincidencia de uso de diferentes vacinas, con diferentes formatos e instrucións específicas de manexo, necesidade de completar a cobertura de vacinación con dúas doses, nun contexto de uso de diferentes vacinas, necesidade de manter a distancia física e as medidas preventivas durante o proceso, as características especiais do Rexistro de vacinación, a necesidade de considerar posíbeis puntos de vacinación adicionais aos habituais.

Segundo diferentes fontes parece que se están estudando protocolos no contexto da “estratexia de vacinación da COVID-19” do Ministerio de Sanidade. Non se entendería que a poboación en xeral, mais especialmente xs profesionais responsables de desenvolver unha campaña de vacinación tan especial, tiveran esta información polos medios de comunicación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

-Ten previsto a Xunta presentar un informe no Parlamento Galego contendo toda a información sobre a estratexia de vacinación da COVID-19: data prevista de inicio, duración prevista, doses das que vai dispoñer o sistema sanitario público galego, porcentaxe de poboación á que se ten previsto vacinar e en que prazo...?

-De ser positiva a resposta, en que data?

-Ten previsto realizar unha campaña de información clara ao conxunta dos galegos e galegas de cara a clarificar, puntos de administración, colectivos prioritarios, horarios...?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai ter en conta a opinión das profesionais con experiencia acreditada en campañas de vacinación, especialmente da Atención Primaria, neste proceso?

-Ten intención de realizar de inmediato un proceso de formación e información ao conxunto de profesionais, no que se contemplan os criterios de prioridade dos grupos de poboación a vacinar, os aspectos fundamentais relacionados coa loxística e os criterios técnicos do proceso de vacinación?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 17:55:59

Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 17:56:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/12/2020 17:56:24

María del Carmen Aira Díaz na data 14/12/2020 17:56:32

Xosé Luis Bará Torres na data 14/12/2020 17:56:42

Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 17:56:49

Daniel Castro García na data 14/12/2020 17:56:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/12/2020 17:57:08

Alexandra Fernández Gómez na data 14/12/2020 17:57:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 14/12/2020 17:57:27

María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 17:57:39

Daniel Pérez López na data 14/12/2020 17:57:47

Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 17:57:56

María Montserrat Prado Cores na data 14/12/2020 17:58:05

Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2020 17:58:15

Mercedes Queixas Zas na data 14/12/2020 17:58:25

Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 17:58:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/12/2020 17:58:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/12/2020 17:58:53



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Axencia Turismo de Galicia ten como finalidade impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade; mediante o que potencia o turismo como un factor de crecemento económico, valoriza os recursos turísticos e fomenta o turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

O 29 de novembro de 2019 a Axencia Turismo de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución do *19 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2020*, cun crédito orzamentario de 1,2 millóns de euros e co obxecto do fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Na información aos medios que a Xunta de Galicia colga na páx. *Web* referida ao Consello da Xunta desenvolvido o 3 de decembro expónse que “A Xunta de Galicia investiu máis de 3 millóns de euros no embelecemento e na mellora das infraestruturas turísticas no medio rural”, articulándose a través da sinatura de convenios con entidades locais que permitiron levar adiante 135 actuacións.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con estas subvencións?

2ª) Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2020 13:35:31

Pablo Arangüena Fernández na data 04/12/2020 13:36:50

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 13:37:05

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/12/2020 13:37:15



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Nas leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia consígnanse créditos destinados ás corporacións locais de Galicia que ano tras ano o Goberno galego deixa sen executar e que corresponden a diversos programas orzamentarios. Este feito constitúe un exemplo da deficiente xestión da Administración autonómica, pois son cantidades non recuperables que o final do exercicio se perden e que non contribúen a paliar o raquitismo financeiro que padecen a maioría dos concellos galegos.

No proxecto de orzamentos consolidado de gastos para o ano 2021, a Xunta de Galicia diminúe as contías destinadas a transferencias a entidades locais en máis de 11 millóns de euros.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a falla de execución dos créditos orzamentados e destinados ás corporacións locais galegas na X Lexislatura?
- 2ª) Cales foron as razóns polas que o Goberno galego deixa sen executar ano tras ano créditos orzamentados e destinados ás corporacións locais galegas?
- 3ª) Considera o Goberno galego que os concellos de Galicia están suficientemente financiados?
- 4ª) Vai acordar o Goberno galego coa Fegamp un incremento do Fondo de Cooperación Local que se materialice no próximo exercicio?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2020 12:53:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/12/2020 12:53:54

Pablo Arangüena Fernández na data 04/12/2020 12:54:07

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 12:54:25



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A asociación ASOCIATEM, está constituída por traballadores e traballadoras temporais e indefinidos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Neste momento ten case 300 asociados dos 1.300 traballadores do Consorcio que atópanse na mesma situación.

Hai meses que queren reunirse coa conselleira de Política Social cara acadar un diálogo do que poidan xurdir canles de actuación, cara a buscar unha solución a situación laboral na que se atopan, xa que teñen un 91 % de temporalidade.

Despois de múltiples escritos solicitando unha xuntanza, non recibiron ningunha contestación por parte da Consellería.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos entender nin compartimos este desleixo por parte da conselleira, que non se reúne cos seus traballadores e traballadoras, xa que non podemos esquecer que o Consorcio Galego de Benestar é un ente que depende da Consellería de Política Social.

Este comportamento se cabe é máis inadmisíbel no momento da pandemia no que nos atopamos, xa que estes traballadores e traballadoras, na maioría mulleres, levan dedicándose estes meses ao seu traballo cun plus de risco e tomando tódalas medidas para garantir espazos seguros da covid-19, e non prexudicar aos seus usuarios e usuarias, que son por exemplo nenas e nenos nas escolas infantís e maiores ou persoas con discapacidade nos centros de día.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Porque a Consellería de Política Social non recibiu ata agora aos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Benestar Social?



2. Vai recibir aos representantes dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Benestar co fin de poder establecer unhas canles de diálogo cara a chegar a unha solución á situación laboral na que se atopan?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 17:27:05

Marina Ortega Otero na data 04/12/2020 17:27:12

Julio Torrado Quintela na data 04/12/2020 17:27:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas técnicas agrarias e os cambios na produción e conservación de forraxes animais para o inverno trouxo consigo a introdución e xeneralización do plástico como material imprescindible no proceso de ensilado. Tamén se botou man das rodas usadas de automóbil como elemento de presión dos silos.

Cálculos aproximados cifran en 9.000Tm. de plástico en forma de lona que se xeran anualmente nas zonas onde existe actividade agrogandeira das cales so se ven recollendo despois de ser usado arredor dun 50% tendo as outras un destino nada recomendable medioambiental e esteticamente.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que xeraban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilita-lo traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A súa magnitude, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras, máis a presión dos concellos fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establece un programa de colaboración asegurando a recollida gratuíta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O montante do gasto era unha cantidade irrisoria, 24.200euros.

Este programa de axuda institucional foi interrompido no 2.017 argumentando que xa os gandeiros e agricultores acadaran a concienciación suficiente do perigo medioambiental que supoñían estes restos e que o obxectivo estaba conseguido. Mais se so se retiraba un 50% quedaban arredor de 4.500tm que se repartían por montes, explotacións, camiños e vertedoiros incontrolados. O obxectivo, pois, non estaba acadado.

En novembro do 2018 presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, ó finaliza-lo mentado programa volvemos velos nos contedores, cunetas das estradas, montes...

A realidade actual é que son os concellos con carga gandeira e agraria, con conciencia do problema e que xa viñan colaborando na recollida quen apeitaron co reto e continuaron coa recolla e transporte con cargo ás arcas municipais.

Nas empresas que se encargaban do seu tratamento, estes plásticos reconvertíanse en granza materia prima reutilizable que saía ós mercados internacionais e que era absorbida en grandes cantidades por China. Este mercado mudou, China deixou de comprar tanta cantidade e na actualidade esta granza que procede da reciclaxe ten pouca demanda baixando o seu prezo de xeito que, segundo parece, apenas cobre custos ás empresas que os tratan.

Nestes momentos ós custos de recollida e transporte hai que lle sumar que as empresas de tratamento cobran sobre 100 euros/tm por procesar estes residuos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o desafío está servido. Concellos que poñen taxas ou que afrontan gastos que a fin de ano se converten en cifras dificilmente asumibles. O concello de Lalín estimaba en 100.000 euros o desembolso anual por este concepto.

E as rodas? Que facer con elas?

Nestes momentos as rodas a xeito de pesos para mante-la lona dos silos premida caeu en desuso e comezan a apareceren en vertedoiros incontrolados, camiños, monte, e en calquera lugar creando outro problema medioambiental moi serio ademais do feísmo.

O feito demostrado cientificamente que os plásticos ó degradarse pode incorporarse en forma de micropartículas que poden pasaren á cadea trófica e seren incorporadas ata o organismo humano está facendo medra-la conciencia social do problema. Non obstante nestes momentos non é dabondo e o problema segue aí. Plásticos e rodas vellas son unha ameaza para a sostibilidade e equilibrio da terra agraria.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cales son as razóns para suspender a liña de axudas ó transporte e recollida de plásticos de uso agrícola e facer caso omiso ó acordo parlamentario de novembro de 2018?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 07/12/2020 11:47:59

María del Carmen Aira Díaz na data 07/12/2020 11:48:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/12/2020 11:48:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, en demanda de melloras reclamadas pola comunidade educativas do CEIP Valle Inclán de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria, económica e social xerada após a irrupción da pandemia do coronavirus debe facer prestar especial atención por parte da Xunta de Galiza ás necesidades do ensino do noso país.

A crise provocada polo coronavirus puxo de manifesto a importancia do sistema educativo como servizo público e do ensino como dereito, mais tamén as consecuencias dos recortes orzamentarios practicados no ensino público desde o ano 2009-

Unha realidade que se repite en multitude de centros educativos galegos é o progresivo deterioro ao que, por falta do necesario mantemento progresivo, se viron sometidos desde hai anos.

Un mantemento inexistente en infraestruturas que acaba por dificultar o desenvolvemento da docencia na actualidade á hora de facer fronte ao estricto cumprimento dos protocolos educativo-sanitarios derivados da xestión da pandemia da COVID-19.

As carencias na accesibilidade aos centros, mesmo limitadoras en caso de mobilidade reducida pola presenza de escaleiras, tanto no interior como no exterior dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centros, xunto á falta de espazos cubertos, que obrigan a entraren molladas as crianzas no centro ou non dispoñeren de espazos cubertos para o necesario tempo de recreo, son algunhas das demandas reiteradas pola comunidades educativas.

Todas estas demandas frecuentes en Galiza concéntranse na realidade diaria do CEIP Valle Inclán de Oleiros (A Coruña).

A maiores, este centro presenta unha eiva de dotación de recursos na súa infraestrutura básica, xa que hai tres aulas de educación infantil que non contan con aseo, unha demanda cursada durante anos pola comunidade educativa perante a Xefatura Territorial de Educación sen resposta de ningún tipo por parte desta.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Coñece o goberno as necesidades tramitadas desde a comunidade educativa do CEIP Valle Inclán de Oleiros?

- Como valora que o alumnado de tres aulas de Educación infantil non dispoña de aseo propio?

- Que opinión lle merece que non teña o alumnado espazos cubertos onde protexerse mentres agardan nas filas para entrar ordenadamente ás aulas ou nos períodos de lecer?

- É consciente das limitacións educativas que implica un centro sen espazo exterior cuberto que priva o alumnado de saír nos recreos?

- Que compromisos é quen de asumir o goberno coa comunidade educativa do CEIP Valle Inclán? En que prazos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/12/2020 10:10:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/12/2020 10:11:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda de declaración BIC para o Museo Carlos Maside.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside créase en 1970 no Castro de Samoedo (Sada - A Coruña) anexo ao Laboratorio de Formas de Galicia.

Nace como un froito máis de país, dentro dun amplo proxecto vertebrador compartido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, co propósito de reunir as obras dos diferentes artistas galegos da xeración dos anos trinta, no desexo de rescatar ese capital cultural galego que implica a memoria do patrimonio cultural do exilio, que nos coloca na vangarda da arte internacional, ensanchando máis tarde os seus marcos cara á renovadora plástica galega contemporánea.

O Museo conta cun importante fondo artístico procedente de doazóns das coleccións persoais de Luís Seoane e Isaac Díaz pardo, e entre as obras recompiladas neste inigualábel arquivo museístico estás as do propio Carlos Maside, Castelao, Maruja Mallo, Urbano Lugrís, Xulia Minguillón, Laxeiro, Colmeiro...

Unha completa memoria artística nacional galega de incalculábel valor que desde 2016 está pechada ao público e cun estado de conservación descoñecido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un legado que é exemplo de recuperación da memoria galega que non está a ter o valor necesario por parte dos seus actuais propietarios, desde unha vinculación empresarial en que semellan primar máis os intereses económicos que os culturais.

Un museo de alto nivel canto aos fondos depositados, mais tamén canto ao propio edificio que o alberga, construído polo arquitecto Andrés Fernández Albalat, que presenta un alto nivel de deterioro e descoido exterior.

O deseño a través de módulos hexagonais do Museo Carlos Maside ofrece unha nova reflexión sobre a museoloxía, ao presentar un moderno concepto de museo territorio, un museo aberto ao diálogo entre os fondos da colección, intentando implicar a sociedade desde a reflexión. con el concepto de museo aberto, no solo de colección, sino de intercambio de ideas.

Desde hai unha década o Museo Carlos Maside camiña vinculado á petición de declaración BIC que foi aprobada por unanimidade en comisión parlamentar.

Unha tramitación para a incoación do expediente de protección anunciado polo goberno do PP desde 2012, mais que aínda non foi realidade.

No marco da función asesora que ten establecida por lei, o 10 de xaneiro de 2018 o plenario do Consello da Cultura Galega aprobou un informe sobre o Museo Carlos Maside instando o goberno galego á declaración de BIC e a manter unida a súa colección.

Ademais, tamén considera que colección e edificio merecen a protección necesaria para garantir a súa permanencia e preservación indisolublemente unidos, xa que a colección de arte só se comprende e pode ser asumida no marco do edificio que a acolle.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A hemeroteca volvía anunciar meses despois que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria iniciara os estudos previos necesarios para proceder á incoación da declaración como BIC do Museo Carlos Maside.

Transcorridos dous anos despois deste anuncio e dez anos desde a aprobación nesta cámara da petición do inicio do procedemento para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, comprobamos que esta aínda non se produciu, ao tempo que se anuncia por parte do actual propietario a próxima apertura ao público.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

1. É coñecedor o goberno galego do estado de conservación do edificio e dos fondos que conforman o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada?
2. En que fase está a incoación do expediente para o declarar BIC dous anos despois do seu anuncio por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade?
4. Que medidas de seguridade se están a aplicar no coidado e protección do legado artístico que posúe o Museo Carlos Maside?
5. Á vista do descoido exterior no mantemento do edificio, como o cualifica o goberno da Xunta?
6. É coñecedor o goberno do proxecto de próxima apertura ao público?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/12/2020 18:56:36

Daniel Castro García na data 09/12/2020 18:56:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/12/2020 18:56:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a situación sanitaria e laboral da factoría PSA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a primeira onda da Covid19, iniciada o pasado mes de marzo, a dirección de PSA en Vigo reaccionou tarde, ata o punto de que a factoría de Balaídos foi a última en todo o Estado en paralizar a produción, en grande medida forzada pola presión sindical, social e institucional.

No mes de maio a factoría recuperou a actividade cun protocolo de medidas preventivas. Este protocolo aplicouse ata principios de xuño, momento no que se pasa a un protocolo de desescalada no que se reducen as medidas preventivas considerablemente.

A partir do 1 de xullo as medidas anti-covid redúcense até ser case testemuñais e na súa maioría acaban por recaer sobre os traballadores e as traballadoras reducindo o seu tempo de descanso efectivo, dado que dentro das pausas fisiolóxicas (dedicadas a acudir ao servizo, beber, alimentarse ou refrescarse), teñen que incorporar tamén tarefas de desinfección e padecen as restricións por aforo no acceso a espazos como os aseos.

As organizacións sindicais denuncian a falla de transparencia, por parte da dirección do centro, no relativo aos casos positivos por Covid19 entre o persoal da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

factoría. Aliás, os sindicatos CIG e CUT teñen trasladado a denuncia da insuficiencia de medidas de contención e prevención fronte á Covid na factoría de PSA en Vigo, tanto á Inspección de Traballo, como á Consellaría de Sanidade e o Servizo Xeral de Inspeccións Sanitarias.

Nesta situación, e a pesar do xa relatado, PSA ten acelerado o seu ritmo de produción e a intensidade da carga de traballo co obxectivo de bater un novo récord de produción. De tal maneira que, a pesar das medidas de prevención (como a utilización de EPI) desde o mes de setembro o nivel de produción é máximo, igualando ou mesmo superando o rexistrado con anterioridade ao inicio da pandemia.

Desde o BNG consideramos que non é aceptábel que este incremento na produción a costa de limitar a eficacia das medidas preventivas e de reducir o tempo de descanso do persoal, que en circunstancias normais xa é o mínimo legal de acordo co fixado pola Organización Internacional do Traballo (OIT).

O Goberno galego, en tanto que autoridade laboral, non ten exercido as súas competencias no relativo á supervisión do cumprimento das medidas preventivas, a adecuada xestión dos casos de contaxio e o estrito respecto aos tempos de descanso dos e das traballadoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Coñece e ten avaliado o Goberno galego, como autoridade laboral, o protocolo antiCovid que se está a aplicar na factoría PSA de Balaídos (Vigo)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está o Goberno galego vixiando o cumprimento das medidas preventivas, a adecuada xestión dos casos de contaxio, así como o estrito respecto aos tempos de descanso?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 09:18:14

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 09:18:17

Ramón Fernández Alfonso na data 10/12/2020 09:18:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre o Plan Forestal e o Consello Forestal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia do Plan Forestal de Galiza vén de lonxe. Xa pola altura do ano 2015 había un documento que falaba da necesidade de contar cun inventario actualizado, que ese Plan debía ser consensuado e que debería de estar dotado dun orzamento.

En marzo de 2016 diversas organizacións, entre as que se atopaban as catro da Alianza por un Rural Galego Vivo (ADEGA, CIG, FRUGA e ORGACMM), xunto con Amigos da Terra, APDR, APROPIGA, Comité en defensa do Monte Galego, FEG, OVICA, SLG, SOS Coello de monte e UNITEGA asinaron un comunicado no que manifestaban que *“a finais de 2014 a Consellaría do Medio Rural acordou elaborar unhas propostas para a revisión do Plan Forestal de Galiza, vixente desde 1992. Para tal fin creouse no Consello Forestal un grupo de traballo que se reuniu durante 2015. Finalmente elaboráronse unhas directrices, resultado dun inquérito deseñado por dous coordinadores propostos pola Consellaría”*.

Nese mesmo comunicado as organizacións mencionadas denunciaban que *“Esta metodoloxía de traballo, restrinxida aos membros do Consello Forestal e con excesiva presenza do sector da madeira (20 dos 25 membros), tentou ser superada mediante o compromiso inicial de incorporar ao documento os resultados das consultas aos*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivos externos. Perante o incumprimento deste acordo, organizacións como a ORGACCM presentes no Consello Forestal, permearon ao resto das entidades que vivimos, xestionamos e traballamos no medio rural os documentos de traballo, trasladando no seu nome as conclusións.

Xa que logo, as directrices inicialmente aprobadas non son nen representativas do sector, nen democráticas, nen produto dun consenso entre todos os sectores relacionados co monte e co medio rural.”

O Diario Oficial de Galiza (DOG) de 5 de xullo de 2018 publicaba a Orde de 28 de xuño pola que se aprobaba inicialmente a primeira revisión do Plan Forestal de Galiza e abríase o trámite de información pública.

No mes de setembro do mesmo ano 2018, 76 entidades asinan un novo documento que leva por título “Achegas á primeira revisión do Plan Forestal da Galiza”.

En novembro de 2018 o Parlamento de Galiza rexeita cos votos en contra do Partido Popular e coa abstención do PSOE a Iniciativa Lexislativa Popular “para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais”. Unha ILP que obtivo os votos favorábeis dos grupos parlamentares do BNG e En Marea. Esta ILP viña avalada por máis de 40.000 sinaturas da cidadanía galega.

No ano 2019, en xullo, 20 entidades asinan o manifesto “Por un monte con futuro” e o día 20 de outubro convocouse e celebrouse unha manifestación baixo o mesmo lema.

Despois de todo este longo proceso nin as organizacións políticas, nin a cidadanía, nin as organizacións integradas na Alianza por un Rural Galego Vivo nada



sabemos da situación actual na que se atopa o Plan Forestal de Galiza máis aló de todo o que ven aparecendo nos medios de comunicación.

Non se sabe, polo tanto, se as achegas feitas no seu momento en setembro de 2018 por esas máis de 75 entidades foi tido en conta ou en cales foron tidas en conta e cales non.

Non sabemos se existe un novo texto que veña a substituír aquel ao que facía referencia o DOG de 5 de xullo do 2018 no que se publicaba a Orde de 28 de xuño pola que se aprobaba inicialmente a primeira revisión do Plan Forestal da Galiza.

Falase de que a Consellaría do Medio Rural está a elaborar un Inventario Forestal de Galiza sen que nada saibamos a día de hoxe da súa execución e polo tanto sen saber nada dos prazos determinados para a súa finalización.

A única información da que se dispón neste momento son as referencias que ao mesmo se fixeron nas reunións do Consello Forestal de Galiza (CFG). Así na acta de sesión de 17 de decembro de 2019, no punto 3.2) de información sobre o desenvolvemento legislativo recóllese que o profesor Juan Picos fixo unha breve presentación a respecto do Inventario Forestal continuo da Galiza. Por outra banda na Orde de traballos do CFG de 25 de Marzo figuraba como punto 2 dos mesmos o Inventario Forestal continuo da Galiza (Uvigo/USC). Isto é todo o que sabemos na actualidade.

No Lei de Medidas Fiscais e Administrativas do proxecto de Orzamentos de 2021 a Xunta de Galiza inclúe unha modificación do Artigo 14 da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galiza, que pasaría agora a ficar redactado así:

“Artigo 14. Plan forestal de Galicia





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aos efectos da avaliación ambiental estratéxica da primeira revisión do plan forestal de Galicia, a Consellería competente na materia forestal presentará ante o órgano ambiental o estudo ambiental estratéxico e a Proposta final do plan ou programa, tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas xa realizados, nun prazo máximo de 3 meses dende a entrada en vigor desta lei, para a súa tramitación de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental”.

Isto, unido ás distintas informacións que veñen aparecendo en prensa falando de reducións do 5% na superficie de eucalipto, dun volume de case 5.000 millóns de investimento no monte de aquí a 2040 e da necesidade dun proceso de exposición pública que fica semella agora ficar pechado en falso lévanos a cuestionar o proceso e o resultado final.

O Plan forestal de 1992 foi conculcado e non serviu coma guía de nada. En 2016 a superficie prevista de eucalipto para 2.032 xa estaba duplicada. A argumentación por parte da Xunta de Galiza sempre é que ese Plan Forestal suscitara un amplísimo consenso. E para que serviu ese consenso? A realidade é a existencia dun caos na ordenación e nas terras de posíbel uso forestal.

Esta realidade é da que se parte na actualidade para planificar (é un falar) da política de montes do futuro? Mal exemplo se damos por válido e punto de partida a aberrante conculcación dunha planificación que non serviu de guía para nada.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as intencións (texto de referencia, proceso participo das entidades que viven e traballan no espazo rural, e prazos que ten previstos) da Consellaría do Medio Rural ao respecto do mencionado Plan Forestal de Galiza tendo en conta que é fundamental contar con datos fiábeis, que tería de proporcionar ese Inventario Forestal Galego, para poder facer unha diagnose correcta da situación actual do monte galego?

- Ten previsto a Consellaría do Medio Rural que sexa o Consello Forestal da Galiza o organismo no que se debata como paso previo ao proceso parlamentar o texto do novo Plan Forestal?

- Ten pensado a Consellaría do Medio Rural facer unha modificación do Decreto 306/2004, polo que se crea o Consello Forestal da Galiza na que se muden a configuración e funcións do mesmo?

- Vai ser o actual Consello Forestal o que emita avaliación sobre o novo Plan Forestal ou vai ser un novo Consello Forestal xurdido de acordo co proxecto de Decreto que pretendía mudar a anterior composición e funcións do CFG?

- Significa esa modificación da Lei de Montes incluída na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas dos Orzamentos 2021 que a Xunta da por finiquitado o proceso participativo para a elaboración do Plan Forestal de Galiza?

- Vai servir de tapadeira ás políticas de expansión forestal con plantacións alóctonas que todos os proxectos e propagandas que se presentan a primeiros desta XI Lexislatura auguran?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/12/2020 09:51:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/12/2020 09:51:51

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 09:51:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre sobre o proxecto de repotenciación do parque eólico do promontorio do Roncudo en Corme (Ponteceso).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza aprobou o proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme, situado no promontorio do Roncudo, que vai supoñer o cambio de 61 aeroxeradores de 3º m de alto e 31 m de diámetro do rotor por muíños de 93 m de altura e 114 m de diámetro de rotor.

Os novos aeroxeradores están situados nun lugar de grande interese ambiental e cultural. Afectan a espazos protexidos pola Rede Natura (ZEPA e ZEPVN), unha área de especial interese paisaxístico e espazos con xacementos arqueolóxicos. Na zona tamén existen hábitats de turbeiras e un humidal protexido, o Pozo da Lagoa.

Nos traballos previos á instalación dos novos aeroxeradores a empresa EDP Renovabéis está a realizar impactantes movementos de terras, excavacións e explanacións tanto para construír as bases dos muíños, para as pistas de acceso (que máis parecen autopistas) e para as vías de evacuación. Tal como se pode comprobar nas imaxes adxuntas, estas obras están a ter un forte impacto nunha paisaxe protexida e de elevados valores naturais e culturais. Ademais, por se isto non fose suficiente, a empresa benefíciase dunha normativa e dun trato favorábel por parte da administración, que lle permite deixar no lugar a cimentación dos aeroxeradores antigos que foron retirados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se se permiten estas intervencións devastadoras dentro ou nas proximidades da Rede Natura, nas inmediacións dun humidal protexido e no ámbito de protección de xacementos de arte rupestre, que impactos podemos agardar noutros lugares que non contan con esta suposta protección?

Ademais do forte impacto destas obras no territorio e na paisaxe, a tramitación do proxecto caracterizouse pola opacidade, pola falta de información, pola nula participación e polos abusos e irregularidades cometidos pola empresa coa complicidade das administracións, nomeadamente da Xunta de Galiza. Por parte das persoas propietarias de terreos afectados polo parque denunciáronse diante do goberno galego numerosas ilegalidades como pistas construídas en terreos sen expropiar, expropiación de fincas que xa están ocupadas polo parque antigo e polo novo, ou modificacións de contratos en vigor, máis favorábeis para as persoas propietarias, e que tiñan una vixencia de 25 anos.

Malia que asociacións veciñais e persoas propietarias pediron o amparo e a supervisión da Xunta no proceso de ocupación dos terreos, a resposta da administración galega foi evasiva, permitindo que na práctica se perpetrase una especie de dereito de pernada medieval adaptado ao século XXI.

Ademais de modificar a lexislación para favorecer os intereses de grandes grupos económicos, tanto a Consellaría de Industria como a de Medio Ambiente protexen, amparan e consenten os abusos e irregularidades cometidos por estas empresas depredadoras, deixando a veciñanza nunha absoluta indefensión. No canto de poñerse do lado da veciñanza e defender os seus dereitos, a administración galega actúa ao servizo dos intereses de empresas de dubidosa reputación e moi malas prácticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Considera o Goberno galego que as obras do proxecto de repotenciación do parque eólico G3 Corme respectan os valores naturais, paisaxísticos e culturais do promontorio do Roncudo, especialmente no que ten que ver con espazos naturais protexidos baixo a figura da Rede Natura?

- Que inspeccións fixo a administración galega para comprobar o impacto e a legalidade das obras de excavacións e explanacións para a construción de pistas de acceso?

- Que medidas adoptou o Goberno galego para garantir a protección dos valores naturais, paisaxísticos e culturais do promontorio do Roncudo?

- Comprobou a Xunta a afección das obras ao humidal protexido do Pozo da Lagoa e tomou algunha medida para garantir a súa protección?

- Ten coñecemento a Xunta das denuncias das persoas afectadas de irregularidades e abusos por parte da empresa promotora do parque?

- Que actuacións realizou o goberno galego para defender os dereitos da veciñanza diante destas irregularidades e abusos?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2020 11:02:57

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 11:03:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o PAC de Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Lemos conta cun Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no propio Hospital Comarcal de Monforte, e con motivo da Pandemia COVID o establecemento dá dobre vía nos servizos de entrada á Sanidade neste caso de Urgencias e PAC fixo que fora trasladado a unha zona que non viñan ocupando.

En ningún momento foi consultado o persoal do PAC, nin sequera se contou con el para ver se se podían tomar medidas para outra situación.

Isto fixo que se dea unha situación de inseguridade sanitaria para usuarias/os e tamén para o persoal, e o da inseguridade á que nos referimos vai dende o ateigamento do persoal (do hospital e PAC) en admisión de urxencias, ata a sobre ocupación que se pode chegar a dar, e que se dá, na sala de espera compartida para pacientes, que non reúne os máis mínimos requisitos en canto á separación e que aínda que conta cunha fiestra, o día que tivemos que acudir estaba perfectamente pechada porque xa era noite e o frío imperaba.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As urxencias extrahospitalarias non teñen almacén, nin sala de curas, nin tampouco box propios, usan dous da urxencia, todo canto se modificou para uso de pacientes ou persoal ponos en situación de risco.

É innegable que trala ampliación o hospital conta con espazos suficientes para reestruturar as urxencias con criterios obxectivos e sentido común, incluso poden contar coas suxestións do persoal que traballa a diario e que sabe perfectamente as necesidades que teñen, eles e máis os usuarios/as.

Queremos facer fincapé en que, dende o noso punto de vista, un PAC dentro de un Hospital debe servir para que poidan usar máis medios e que polo tanto sexa máis resolutivo, pero que non debe ser usado para aliviar as urxencias do propio hospital.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que está disposta a facer a Xunta de Galiza para resolver a problemática do Servizo de Urxencias Extrahospitalarias sito no Hospital Comarcal de Monforte e motivada pola precariedade das instalacións?

Por que a Dirección da EOXI non foi quen de comunicarse co persoal para facelo participe da "recolocación" e poder así mellorar a seguridade e comodidade na asistencia sanitaria?

As adaptacións feitas para as zonas de estar do persoal compren coas medidas de seguridade relativas ás vías de evacuación en caso de incendio ou outras?

A nova "consulta" conta coas medidas de distancia e necesidades de ventilación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Garántense os circuítos de separación de pacientes compatibles con COVID co resto de pacientes con outras patoloxías?

Seguirá a ser o persoal de xestión o que decida que pacientes van ao PAC e cales van ás urxencias hospitalarias?

Que pasa coa triaxe Manchester que está implantada nos servizos de urxencias e que conta co aval da comunidade científica?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: Carmen Aira Díaz
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 16:56:01

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 16:56:06

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 16:56:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 16:56:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a diversificación de actividades en Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobernos, non é outro que poñer Navantia a traballar, desfacéndose das restricións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de Sea Europe.

A industria da construción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de Navantia na ría de Ferrol bo exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.

Un de eses segmentos de actividade son os contratos para o sector da eólica mariña nos que ven traballando Navantia, que deberían aproveitarse para recolocar a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fábrica de turbinas nese sector, ampliando a participación de Navantia ría de Ferrol naqueles elementos de maior valor engadido de estes proxectos.

Neste sentido preocupánnos os pasos, precisamente en sentido contrario, que a dirección de Navantia está a dar, que parecen encamiñados a abandonar a eólica mariña, xa que segundo información transmitida polo comité de empresa estase a negociar un contrato marco para prover de monopiles a Iberdrola durante 5 anos, no que a participación de Navantia na UTE con Windar pasaría dun 70% a menos dun 10%. A participación de Navantia redúcese a facer de caseiro da Windar.

Mentres o presidente da Xunta acudía a Fene a celebrar os fitos da alianza Navantia-Windar, a CIG xa advertía de que cando Navantia non ten persoal propio nestes proxectos, cando renuncia a controlar a subcontratación de empresas na parte da obra que lle correspondía pola súa participación na UTE, cando renuncia a determinados proxectos de asesoramento, formación, ou reparación internacionais en favor da súas contratas, é porque non ten interese no sector.

Estes feitos coinciden no tempo coa decisión de que a fábrica de turbinas deixe de ser unha división con dirección propia dentro de Navantia.

Xusto nun momento en que a descarbonización da mobilidade marítima é a chave para facerse un oco no sector, a fábrica de turbinas, que podía e debía ser o cerne dunha nova área de actividade de forte impronta tecnolóxica e innovadora, perde galóns, recursos e actividade.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está a realizar o goberno galego para protexer, recuperar, e promover a diversificación de actividades en Navantia Ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:07:44

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:07:48

Ramón Fernández Alfonso na data 10/12/2020 18:07:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione a respecto dos retos do ensino público galego tras a aprobación da LOMLOE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende os anos 80, as diferentes leis educativas que se aprobaron no estado foron cambiando en función do perfil ideolóxico dos diferentes gobernos. Pero a pesar do debate partidista que estamos a vivir nestes días, todas as leis educativas que tivemos até o de agora parten dunha estrutura semellante que no relativo as competencias das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades no ámbito educativo oscilan en función do nivel de centralismo ideolóxico dos gobernos estatais de turno.

A este respecto, non dubidamos que a LOMLOE supón avances innegábeis fronte a reaccionaria LOMCE e dende o BNG dámoslle a benvida a eses avances. Pero do mesmo xeito entendemos que non podemos conformarnos cunha lei que na práctica supón unha volta actualizada á lexislación educativa do ano 2006. Unha volta cara a LOE na que ademais se manteñen algúns aspectos da Lei WERT que puideron ser corrixidos e non se fixo. Aspectos como a periodicidade na renovación dos concertos educativos que se mantén nos 6 anos impostos na LOMCE (cando na LOE eran 4 anos)

Por outra banda, no relativo ao ensino rural, non temos dúbidas de que ese é un eixo central para o ensino público galego. E se ben é certo que na nova lexislación educativa hai un apartado referido a este aspecto, o que consideramos positivo, non é menos certo que a redacción dalgúns dos puntos relativos a estes apartados pode facer que o desenvolvemento desta lexislación implique unha merma da oferta educativa no rural, tanto no último curso da ESO como nos bacharelatos.

Tamén nos resultan preocupantes as declaracións do presidente da Xunta de Galiza sobre a LOMLOE e o papel do galego non ensino. E preocúpanos porque é falso que a LOMLOE supoña ningún ataque ao castelán. O discurso do PP de Galicia e de Nuñez Feijóo asumindo o discurso máis reaccionario da ultradereita ten como único obxectivo afondar no odio á lingua galega, na diglosia e en empregar o galego como arma política aínda que sexa a costa da perda de falantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai o Goberno galego explorar as posibilidades que abre a LOMLOE para reducir as ratios nos grupos nos que exista alumnado con NNEE, consensuar un novo decreto sobre o uso do galego no ensino e suprimir os concertos educativos con aqueles centros que segregan alumnado por sexo?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2020 18:31:26

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 18:31:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 18:31:52

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 18:32:06

Xosé Luis Bará Torres na data 10/12/2020 18:32:17

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 18:32:35

Daniel Castro García na data 10/12/2020 18:32:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 18:33:03

Alexandra Fernández Gómez na data 10/12/2020 18:33:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 10/12/2020 18:33:30

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:33:41

Rosana Pérez Fernández na data 10/12/2020 18:33:52

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:34:01

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 18:34:26

Noa Presas Bergantiños na data 10/12/2020 18:34:37

Mercedes Queixas Zas na data 10/12/2020 18:34:46

Paulo Ríos Santomé na data 10/12/2020 18:34:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/12/2020 18:35:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/12/2020 18:35:15



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Igleias, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique nesta Cámara as tarifas que se van aplicar nas autopistas de competencia autonómica o vindeiro ano, ao tratase dun asunto de especial interese para a cidadanía.

Os medios de comunicación publicaron nos últimos días que o Goberno de Galicia ten previsto conxelar ou rebaixar as peaxes das autopistas autonómicas.

Unha noticia que recibimos con satisfacción dende o Grupo Parlamentario Popular xa que a decisión redundará en beneficio da competitividade das nosas empresas e do noso territorio e, por suposto, neste contexto de especial dificultade, constituirá un alivio para o peto de moitos galegos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que peaxes vai aplicar o Goberno de Galicia a partir do vindeiro 1 de xaneiro nas autopistas de competencia autonómica?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/12/2020 12:36:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/12/2020 12:37:10

Ramón Carballo Páez na data 14/12/2020 12:37:50

José Manuel Balseiro Orol na data 14/12/2020 12:40:20

María Sol Díaz Mouteira na data 14/12/2020 12:40:39

José Alberto Pazos Couñago na data 14/12/2020 12:41:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/12/2020 12:41:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á campaña de vacinación COVID-19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie sobre a campaña de vacinación COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As noticias que chegan a través dos medios de comunicación sobre a inmediata posta en marcha do proceso de vacinación fronte ao SARS-CoV-2 espertan a preocupación das profesionais, especialmente das de Atención Primaria, sobre a planificación e desenvolvemento desta campaña de vacinación, que presenta características diferenciais cos programas de vacinación habituais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esixencia de condicións de frío extraordinarias no transporte e almacenamento dalgunhas vacinas, distribución en viais multidose, que requiren planificar as citacións para evitar a perda de dose, posíbel coincidencia de uso de diferentes vacinas, con diferentes formatos e instrucións específicas de manexo, necesidade de completar a cobertura de vacinación con dúas doses, nun contexto de uso de diferentes vacinas, necesidade de manter a distancia física e as medidas preventivas durante o proceso, as características especiais do Rexistro de vacinación, a necesidade de considerar posíbeis puntos de vacinación adicionais aos habituais.

Segundo diferentes fontes parece que se están estudando protocolos no contexto da “estratexia de vacinación da COVID-19” do Ministerio de Sanidade. Non se entendería que a poboación en xeral, mais especialmente xs profesionais responsables de desenvolver unha campaña de vacinación tan especial, tiveran esta información polos medios de comunicación.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Ten previsto a Xunta presentar un informe no Parlamento Galego contendo toda a información sobre a estratexia de vacinación da COVID-19: data prevista de inicio, duración prevista, doses das que vai dispoñer o sistema sanitario público galego, porcentaxe de poboación á que se ten previsto vacinar e en que prazo...?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 17:46:19

Olalla Rodil Fernández na data 14/12/2020 17:46:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/12/2020 17:46:44

María del Carmen Aira Díaz na data 14/12/2020 17:46:57

Xosé Luis Bará Torres na data 14/12/2020 17:47:07

Iria Carreira Pazos na data 14/12/2020 17:47:15

Daniel Castro García na data 14/12/2020 17:47:30

Alexandra Fernández Gómez na data 14/12/2020 17:47:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/12/2020 17:47:51

María do Carme González Iglesias na data 14/12/2020 17:48:01

María González Albert na data 14/12/2020 17:48:17

Daniel Pérez López na data 14/12/2020 17:48:25

María Montserrat Prado Cores na data 14/12/2020 17:48:37

Noa Presas Bergantiños na data 14/12/2020 17:48:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 14/12/2020 17:48:56

Paulo Ríos Santomé na data 14/12/2020 17:49:06

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/12/2020 17:49:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/12/2020 17:49:29

Rosana Pérez Fernández na data 14/12/2020 17:49:55



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A asociación ASOCIATEM, está constituída por traballadores e traballadoras temporais e indefinidos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Neste momento ten case 300 asociados dos 1.300 traballadores do Consorcio que atópanse na mesma situación.

Hai meses que queren reunirse coa conselleira de Política Social cara acadar un diálogo do que poidan xurdir canles de actuación, cara a buscar unha solución a situación laboral na que se atopan, xa que teñen un 91 % de temporalidade.

Despois de múltiples escritos solicitando unha xuntanza, non recibiron ningunha contestación por parte da Consellería.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non podemos entender nin compartimos este desleixo por parte da conselleira, que non se reúne cos seus traballadores e traballadoras, xa que non podemos esquecer que o Consorcio Galego de Benestar é un ente que depende da Consellería de Política Social.

Este comportamento se cabe é máis inadmisíbel no momento da pandemia no que nos atopamos, xa que estes traballadores e traballadoras, na maioría mulleres, levan dedicándose estes meses ao seu traballo cun plus de risco e tomando tódalas medidas para garantir espazos seguros da covid-19, e non prexudicar aos seus usuarios e usuarias, que son por exemplo nenas e nenos nas escolas infantís e maiores ou persoas con discapacidade nos centros de día.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Porque a Consellería de Política Social non recibiu ata agora aos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Benestar Social?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/12/2020 17:25:36

Marina Ortega Otero na data 04/12/2020 17:25:44

Julio Torrado Quintela na data 04/12/2020 17:25:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas técnicas agrarias e os cambios na produción e conservación de forraxes animais para o inverno trouxo consigo a introdución e xeneralización do plástico como material imprescindible no proceso de ensilado. Tamén se botou man das rodas usadas de automóbil como elemento de presión dos silos.

Cálculos aproximados cifran en 9.000Tm. de plástico en forma de lona que se xeran anualmente nas zonas onde existe actividade agrogandeira das cales so se ven recollendo despois de ser usado arredor dun 50% tendo as outras un destino nada recomendable medioambiental e esteticamente.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que xeraban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuito de recollida e acopio para facilita-lo traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A súa magnitude, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras, máis a presión dos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

O montante do gasto era unha cantidade irrisoria, 24.200euros.

Este programa de axuda institucional foi interrompido no 2.017 argumentando que xa os gandeiros e agricultores acadaran a concienciación suficiente do perigo medioambiental que supoñían estes restos e que o obxectivo estaba conseguido. Mais se so se retiraba un 50% quedaban arredor de 4.500tm que se repartían por montes, explotacións, camiños e vertedoiros incontrolados. O obxectivo, pois, non estaba acadado.

En novembro do 2018 presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, ó finaliza-lo mentado programa volvemos velos nos contedores, cunetas das estradas, montes...

A realidade actual é que son os concellos con carga gandeira e agraria, con conciencia do problema e que xa viñan colaborando na recollida quen apeitaron co reto e continuaron coa recolla e transporte con cargo ás arcas municipais.

Nas empresas que se encargaban do seu tratamento, estes plásticos reconvertíanse en granza materia prima reutilizable que saía ós mercados internacionais e que era absorbida en grandes cantidades por China. Este mercado mudou, China deixou de comprar tanta cantidade e na actualidade esta granza que procede da reciclaxe ten pouca demanda baixando o seu prezo de xeito que, segundo parece, apenas cobre custos ás empresas que os tratan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos ós custos de recollida e transporte hai que lle sumar que as empresas de tratamento cobran sobre 100 euros/tm por procesar estes residuos.

E o desafío está servido. Concellos que poñen taxas ou que afrontan gastos que a fin de ano se converten en cifras dificilmente asumibles. O concello de Lalín estimaba en 100.000 euros o desembolso anual por este concepto.

E as rodas? Que facer con elas?

Nestes momentos as rodas a xeito de pesos para mante-la lona dos silos premida caeu en desuso e comezan a apareceren en vertedoiros incontrolados, camiños, monte, e en calquera lugar creando outro problema medioambiental moi serio ademais do feísmo.

O feito demostrado cientificamente que os plásticos ó degradarse pode incorporarse en forma de micropartículas que poden pasaren á cadea trófica e seren incorporadas ata o organismo humano está facendo medra-la conciencia social do problema. Non obstante nestes momentos non é dabondo e o problema segue aí. Plásticos e rodas vellas son unha ameaza para a sostibilidade e equilibrio da terra agraria.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns para suspender a liña de axudas ó transporte e recollida de plásticos de uso agrícola e facer caso omiso ó acordo parlamentar de novembro de 2018?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/12/2020 11:28:56

María González Albert na data 07/12/2020 11:28:59

María del Carmen Aira Díaz na data 07/12/2020 11:29:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, o necesario impulso dun Plan de intervención da vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

As únicas medidas impulsadas neste sentido consistiron no Programa de vivendas baleiras cuxa errada orientación inicial determinou o resultado nulo do plan e o seu rotundo fracaso; o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza do que non se teñen publicado datos nin tampouco se traduciu en medidas concretas de actuación sobre estas; e o convenio do IGVS coa SAREB que se reducía a 50 vivendas e por un prazo limitado de tempo. Tres medidas que funcionaron exclusivamente como campaña de márketing da Consellería pero con nula incidencia real.

É momento de abordar de vez os problemas estruturais do parque inmobiliario e do acceso á vivenda asequíbel aplicando a lexislación actual e intervindo sobre o parque de vivenda baleira.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Contempla o Goberno galego facer uso do artigo 88 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza, e aplicar políticas de mobilización da vivenda baleira para a súa inclusión no mercado de aluguer co obxectivo de favorecer o acceso á vivenda a persoas en situación de precariedade económica ou vulnerabilidade social?

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2020 09:30:30

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2020 09:30:34

Xosé Luis Bará Torres na data 09/12/2020 09:30:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, o necesario impulso dun Plan de intervención da vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

As únicas medidas impulsadas neste sentido consistiron no Programa de vivendas baleiras cuxa errada orientación inicial determinou o resultado nulo do plan e o seu rotundo fracaso; o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza do que non se teñen publicado datos nin tampouco se traduciu en medidas concretas de actuación sobre estas; e o convenio do IGVS coa SAREB que se reducía a 50 vivendas e por un prazo limitado de tempo. Tres medidas que funcionaron exclusivamente como campaña de márketing da Consellería pero con nula incidencia real.

É momento de abordar de vez os problemas estruturais do parque inmobiliario e do acceso á vivenda asequíbel aplicando a lexislación actual e intervindo sobre o parque de vivenda baleira.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno galego a pór en marcha medidas de presión fiscal sobre a vivenda baleira propiedade de entidades ou persoas que acumulen un elevado número de inmobles baleiros, coa finalidade da que estas se incorporen ao mercado inmobiliario a prezos accesibles?

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/12/2020 09:32:47

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2020 09:32:50

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2020 09:32:56





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, o necesario impulso dun Plan de intervención da vivenda baleira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galiza, sinala que corresponde a Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugueiro. Con esa finalidade esa mesma lei habilita ás mesmas Administracións Públicas a aplicar medidas específicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo a Xunta de Galiza leva oito anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

A falta de medidas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contrasta co grande potencial que terían este tipo de medidas no noso país para aumentar de forma significativa a oferta de vivenda en aluguer, pois cómpre recordar que Galiza é a CCAA co maior número de vivenda baleira de todo o Estado ao contar cun parque superior ás 300.000 vivendas baleiras.

As políticas de mobilización de vivenda baleira revélanse altamente eficaces sobre dous eixos fundamentais da política de vivenda: O acceso á vivenda e a redución do consumo do solo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira, especialmente sobre aquelas en mans dos grandes propietarios que mediante medidas de presión fiscal provocasen a súa inclusión no mercado, resultan o mecanismo máis áxil e eficaz para aumentar a oferta de vivenda en aluguer e favorecer, así, a baixada dos prezos das rendas de alugueiro. Esta medida permitiría dar resposta ante a actual burbulla que se vive no mercado de aluguer e que se demostra como o principal problema actual en materia de vivenda, que, recordemos, provocan situacións tan dramáticas como que unha cuarta parte dos fogares galegos dediquen máis do 30% dos ingresos ao pago do alugueiro, que no ano 2019 se producirán 1.800 lanzamentos por impago do aluguer ou que o prezo medio das rendas nas cidades galegas se disparase nos últimos seis anos de entre un 15 e un 30%.

En segundo lugar, a intervención sobre o parque de vivenda baleira e a regulación e a reordenación do uso do parque de vivenda é tamén unha necesidade para a racionalización dos usos do territorio. Despois de décadas marcadas pola ausencia de políticas equilibradas de consumo de solo, hoxe debemos facer fronte a unha urbanización difusa e un sobredimensionamento do parque inmobiliario. Cómpre, por tanto, mudar o rumbo e transformar a actual lóxica guiada pola xeración e apropiación de inxentes plusvalías, por outra distinta que pretenda a racionalización dun recurso limitado como é o solo e que aposte pola mobilización do parque xa construído.

Na actual situación de crise económica, social e ambiental a actuación sobre estes dous eixos fundamentais é, se cabe, aínda máis urxente. A crise da COVID vén colocar aínda máis de relevo dous problemas fundamentais, no que por unha banda as dificultades para o acceso á vivenda son cada vez maiores, e por outro pon freo ao ciclo expansivo das áreas urbanas que deixa tras de si un parque inmobiliario excesivo que cómpre xestionar e dotar de uso e mantemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a pesar de que este tipo de intervencións estean expresamente recollidas na Lei 8/2012 de Vivenda, a Xunta de Galiza ven posicionándose de xeito contrario á intervención sobre a vivenda baleira.

As únicas medidas impulsadas neste sentido consistiron no Programa de vivendas baleiras cuxa errada orientación inicial determinou o resultado nulo do plan e o seu rotundo fracaso; o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galiza do que non se teñen publicado datos nin tampouco se traduciu en medidas concretas de actuación sobre estas; e o convenio do IGVS coa SAREB que se reducía a 50 vivendas e por un prazo limitado de tempo. Tres medidas que funcionaron exclusivamente como campaña de márketing da Consellería pero con nula incidencia real.

É momento de abordar de vez os problemas estruturais do parque inmobiliario e do acceso á vivenda asequíbel aplicando a lexislación actual e intervindo sobre o parque de vivenda baleira.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposto o Goberno galego a impulsar un Plan de intervención da vivenda baleira?

Santiago de Compostela, 09 de decembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2020 09:34:00

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2020 09:34:05

Xosé Luis Bará Torres na data 09/12/2020 09:34:09



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo a Administración competente do Programa de acollemento residencial, os centros de menores son fogares alternativos nos cales, de feito temporal, cóidanse aos menores que residen nos mesmos, ou ben, mediante o apoio preciso durante determinadas horas do día aínda que continúen residindo nalgúns casos coas súas familias. A titularidade e xestión é competencia da Consellería de Políticas Social.

Non debemos esquecer que, segundo a propia normativa, se atende nestes centros a menores de idade que, de acordo coa normativa en vigor, estean en situación de risco, desamparo ou conflito social, e nos que se desenvolven con regularidade programas e actividades dirixidos a este sector da poboación, e que estes centros deben reproducir as condicións de vida do menor da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

Nas última semanas, a través dos medios de comunicación, púxose de manifesto que existían problemas importantes en canto á xestión nos centros de menores en Galicia. En concreto o de Santo Anxo de Rábade está a vivir problemas de conducta nos menores que dificultan e poñen en perigo o traballo de distintos profesionais á vez que dificultan a calidade da atención e o propio benestar dos menores.

Tendo en conta que o benestar dos menores e a súa propia seguridade é primordial, así como o traballo e seguridade do persoal laboral do centro, consideramos vital que a Consellería de Política Social analice a xestión destes centros e tome medidas para solucionar aquelas situacións que fan incompatible o cumprimento das finalidades destes centros, aportando propostas de solución para os problemas detectados.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:





1.ª) Coñece a Xunta de Galicia a problemática existente no centro Santo Anxo de Rábade?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/12/2020 15:37:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/12/2020 15:37:33

Julio Torrado Quintela na data 09/12/2020 15:37:45





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación sanitaria e laboral da factoría PSA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a primeira onda da Covid19, iniciada o pasado mes de marzo, a dirección de PSA en Vigo reaccionou tarde, ata o punto de que a factoría de Balaídos foi a última en todo o Estado en paralizar a produción, en grande medida forzada pola presión sindical, social e institucional.

No mes de maio a factoría recuperou a actividade cun protocolo de medidas preventivas. Este protocolo aplicouse ata principios de xuño, momento no que se pasa a un protocolo de desescalada no que se reducen as medidas preventivas considerablemente.

A partir do 1 de xullo as medidas anti-covid redúcense até ser case testemuñais e na súa maioría acaban por recaer sobre os traballadores e as traballadoras reducindo o seu tempo de descanso efectivo, dado que dentro das pausas fisiolóxicas (dedicadas a acudir ao servizo, beber, alimentarse ou refrescarse), teñen que incorporar tamén tarefas de desinfección e padecen as restricións por aforo no acceso a espazos como os aseos.

As organizacións sindicais denuncian a falla de transparencia, por parte da dirección do centro, no relativo aos casos positivos por Covid19 entre o persoal da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

factoría. Aliás, os sindicatos CIG e CUT teñen trasladado a denuncia da insuficiencia de medidas de contención e prevención fronte á Covid na factoría de PSA en Vigo, tanto á Inspección de Traballo, como á Consellaría de Sanidade e o Servizo Xeral de Inspeccións Sanitarias.

Nesta situación, e a pesar do xa relatado, PSA ten acelerado o seu ritmo de produción e a intensidade da carga de traballo co obxectivo de bater un novo récord de produción. De tal maneira que, a pesar das medidas de prevención (como a utilización de EPI) desde o mes de setembro o nivel de produción é máximo, igualando ou mesmo superando o rexistrado con anterioridade ao inicio da pandemia.

Desde o BNG consideramos que non é aceptábel que este incremento na produción a costa de limitar a eficacia das medidas preventivas e de reducir o tempo de descanso do persoal, que en circunstancias normais xa é o mínimo legal de acordo co fixado pola Organización Internacional do Traballo (OIT).

O Goberno galego, en tanto que autoridade laboral, non ten exercido as súas competencias no relativo á supervisión do cumprimento das medidas preventivas, a adecuada xestión dos casos de contaxio e o estrito respecto aos tempos de descanso dos e das traballadoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten adoptado o Goberno galego perante as reiteradas denuncias sindicais a respecto da insuficiencia das medidas preventivas fronte á Covid19, unha opaca xestión dos casos de contaxio e a redución dos tempos de descanso efectivos do persoal na factoría de PSA en Balaídos (Vigo)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 09:19:56

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 09:20:00

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 09:20:08





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o PAC de Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Lemos conta cun Servizo de Urgencias Extrahospitalarias situado no propio Hospital Comarcal de Monforte, e con motivo da Pandemia COVID o establecemento dá dobre vía nos servizos de entrada á Sanidade neste caso de Urgencias e PAC fixo que fora trasladado a unha zona que non viñan ocupando.

En ningún momento foi consultado o persoal do PAC, nin sequera se contou con el para ver se se podían tomar medidas para outra situación.

Isto fixo que se dea unha situación de inseguridade sanitaria para usuarias/os e tamén para o persoal, e o da inseguridade á que nos referimos vai dende o ateigamento do persoal (do hospital e PAC) en admisión de urxencias, ata a sobre ocupación que se pode chegar a dar, e que se dá, na sala de espera compartida para pacientes, que non reúne os máis mínimos requisitos en canto á separación e que aínda que conta cunha fiestra, o día que tivemos que acudir estaba perfectamente pechada porque xa era noite e o frío imperaba.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As urxencias extrahospitalarias non teñen almacén, nin sala de curas, nin tampouco box propios, usan dous da urxencia, todo canto se modificou para uso de pacientes ou persoal ponos en situación de risco.

É innegable que trala ampliación o hospital conta con espazos suficientes para reestruturar as urxencias con criterios obxectivos e sentido común, incluso poden contar coas suxestións do persoal que traballa a diario e que sabe perfectamente as necesidades que teñen, eles e máis os usuarios/as.

Queremos facer fincapé en que, dende o noso punto de vista, un PAC dentro de un Hospital debe servir para que poidan usar máis medios e que polo tanto sexa máis resolutivo, pero que non debe ser usado para aliviar as urxencias do propio hospital.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está disposta a facer a Xunta de Galiza para resolver a problemática do Servizo de Urxencias Extrahospitalarias sito no Hospital Comarcal de Monforte e motivada pola precariedade das instalacións?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/12/2020 16:59:05

Iria Carreira Pazos na data 10/12/2020 16:59:08

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 16:59:16

María del Carmen Aira Díaz na data 10/12/2020 16:59:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para que a Xunta de Galiza asuma a xestión e financiamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Lalín conta cun Conservatorio Profesional de Música que depende do mesmo. Este servizo é unha competencia impropia que presta o concello, xa que as ensinanzas artísticas, as musicais, son unha competencia da Xunta de Galiza.

Este conservatorio conta con 170 alumnxs, 14 profesores e unha persoa que realiza a limpeza. O orzamento anual é de 368.000 euros.

As ensinanzas que se prestan no conservatorio están sometidas ás mesmas obrigas que as que se imparten en centros que dependen directamente da Xunta, da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade en canto a currículo, programación ou inspección educativa.

A dependencia do conservatorio do concello supón un agravio tanto para este como para o alumnado. Para o concello porque ten que soportan un elevado custe para as arcas municipais, que ademais presta este servizo educativo a alumnxs non só de Lalín, senón tamén de concellos da contorna. 56 alumnos/as pertencen aos concellos de Silleda, Agolada, Rodeiro, Antas, Chantada e incluso Santiago; a maiores supónlle





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultades na súa xestión cotiá como é a contratación de persoal. Para o alumnado porque paga unhas taxas que chegan a triplicar as que se pagan nos centros directamente dependentes da Xunta.

O conservatorio cumpre ademais da labor educativa, unha función de cohesión e dinamización social, presta un servizo fundamental para a formación musical de mozos e mozas da comarca do Deza xa que entre o seu alumnado figuran integrantes das bandas de música de Lalín, Vilatuxe, Muimenta ou Prado, que de non existir este centro terían que desprazarse a Santiago ou Pontevedra, con prexuízos que lles suporía.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galiza asumir a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/12/2020 17:27:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/12/2020 17:27:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a diversificación de actividades en Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobernos, non é outro que poñer Navantia a traballar, desfacéndose das restricións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de Sea Europe.

A industria da construción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de Navantia na ría de Ferrol bo exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.

Un de eses segmentos de actividade son os contratos para o sector da eólica mariña nos que ven traballando Navantia, que deberían aproveitarse para recolocar a





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fábrica de turbinas nese sector, ampliando a participación de Navantia ría de Ferrol naqueles elementos de maior valor engadido de estes proxectos.

Neste sentido preocupánnos os pasos, precisamente en sentido contrario, que a dirección de Navantia está a dar, que parecen encamiñados a abandonar a eólica mariña, xa que segundo información transmitida polo comité de empresa estase a negociar un contrato marco para prover de monopiles a Iberdrola durante 5 anos, no que a participación de Navantia na UTE con Windar pasaría dun 70% a menos dun 10%. A participación de Navantia redúcese a facer de caseiro da Windar.

Mentres o presidente da Xunta acudía a Fene a celebrar os fitos da alianza Navantia-Windar, a CIG xa advertía de que cando Navantia non ten persoal propio nestes proxectos, cando renuncia a controlar a subcontratación de empresas na parte da obra que lle correspondía pola súa participación na UTE, cando renuncia a determinados proxectos de asesoramento, formación, ou reparación internacionais en favor da súas contratas, é porque non ten interese no sector.

Estes feitos coinciden no tempo coa decisión de que a fábrica de turbinas deixe de ser unha división con dirección propia dentro de Navantia.

Xusto nun momento en que a descarbonización da mobilidade marítima é a chave para facerse un oco no sector, a fábrica de turbinas, que podía e debía ser o cerne dunha nova área de actividade de forte impronta tecnolóxica e innovadora, perde galóns, recursos e actividade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está a realizar o goberno galego para protexer, recuperar, e promover a diversificación de actividades en Navantia Ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/12/2020 18:07:00

María do Carme González Iglesias na data 10/12/2020 18:07:09

Daniel Pérez López na data 10/12/2020 18:07:16



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Igleias, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique nesta Cámara as tarifas que se van aplicar nas autopistas de competencia autonómica o vindeiro ano, ao tratase dun asunto de especial interese para a cidadanía.

Os medios de comunicación publicaron nos últimos días que o Goberno de Galicia ten previsto conxelar ou rebaxar as peaxes das autopistas autonómicas.

Unha noticia que recibimos con satisfacción dende o Grupo Parlamentario Popular xa que a decisión redundará en beneficio da competitividade das nosas empresas e do noso territorio e, por suposto, neste contexto de especial dificultade, constituirá un alivio para o peto de moitos galegos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que peaxes vai aplicar o Goberno de Galicia a partir do vindeiro 1 de xaneiro nas autopistas de competencia autonómica?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/12/2020 12:21:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/12/2020 12:23:37

Ramón Carballo Páez na data 14/12/2020 12:28:43

José Manuel Balseiro Orol na data 14/12/2020 12:29:14

María Sol Díaz Mouteira na data 14/12/2020 12:29:26

José Alberto Pazos Couñago na data 14/12/2020 12:29:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/12/2020 12:29:52



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Pedro Puy Fraga, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarna Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de saber a posición do Xunta de Galicia nun tema de actualidade como este.

O conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela é un ben senlleiro que conta con séculos de historia ás súas costas.

A Catedral compostelá está situada en pleno corazón da Cidade Vella, que foi o primeiro ben de Galicia recoñecido como Patrimonio Mundial. Así mesmo, é a meta do Camiño de Santiago, cuxas rutas tamén se inscriben na selecta lista da UNESCO.

Polo seu valor e singularidade, estamos ante algo máis que un monumento excepcional. Este templo forma parte da identidade dos galegos e nel atópase a razón última da peregrinación xacobeá.

Conservar e restaurar a Catedral significa salvagardar un fito arquitectónico, relixioso e social do máximo interese, co que Galicia se abre ao mundo.

Con esta finalidade, desde o ano 2009, a Catedral de Santiago conta cun Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Un documento que prevé o desenvolvemento dun programa de actuacións dirixidas á conservación, restauración e posta en valor do templo.

Buscando sumar esforzos para levar a cabo de forma coordinada todas as actuacións necesarias, no ano 2014 a Xunta de Galicia e o Goberno de España, presidido por Mariano Rajoy, firman un Protocolo Xeral de Colaboración.



Baixo este marco, en setembro de 2015 ambas partes subscriben un convenio dotado cun orzamento de 17.000.000€ para financiar os principais traballos derivados do Plan Director.

Coa finalidade de reforzar o impulso a este ben sobranceiro, o 29 de abril de 2020, a Xunta de Galicia asina un novo convenio coa Fundación Catedral mediante o que o Goberno galego inviste 750.000€ adicionais para a conservación do monumento.

O obxectivo principal de todas estas actuacións non foi só salvagardar o patrimonio de Galicia, senón tamén que a Catedral de Santiago, meta da peregrinación, estivera nas mellores condicións para a celebración do Xacobeo 2021.

Por iso, parece oportuno coñecer polo miúdo, cales foron as principais liñas de actuación levadas a cabo polo Goberno galego e os traballos que está a desenvolver nestes momentos na Catedral de Santiago.

Por estas razóns, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales son os principais traballos que desenvolveu a Xunta de Galicia no conxunto Catedralicio nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Vereza Fraiz na data 14/12/2020 13:41:18

Paula Prado del Río na data 14/12/2020 13:41:35

Pedro Puy Fraga na data 14/12/2020 13:41:49

José Luis Ferro Iglesias na data 14/12/2020 13:42:24

Ovidio Rodeiro Tato na data 14/12/2020 13:42:44

Teresa Egerique Mosquera na data 14/12/2020 13:43:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/12/2020 13:43:19

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/12/2020 13:43:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 14/12/2020 13:44:16



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto a situación sobre un tema de gran interese para a nosa Comunidade Autónoma

Segundo a Administración competente do Programa de acollemento residencial, os centros de menores son fogares alternativos nos cales, de feito temporal, cóidanse aos menores que residen nos mesmos, ou ben, mediante o apoio preciso durante determinadas horas do día aínda que continúen residindo nalgúns casos coas súas familias. A titularidade e xestión é competencia da Consellería de Políticas Social.

Non debemos esquecer que, segundo a propia normativa, se atende nestes centros a menores de idade que, de acordo coa normativa en vigor, estean en situación de risco, desamparo ou conflito social, e nos que se desenvolven con regularidade programas e actividades dirixidos a este sector da poboación, e que estes centros deben reproducir as condicións de vida do menor da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

Nas última semanas, a través dos medios de comunicación, púxose de manifesto que existían problemas importantes en canto á xestión nos centros de menores en Galicia. En concreto o de Santo Anxo de Rábade está a vivir problemas de conducta nos menores que dificultan e poñen en perigo o traballo de distintos profesionais á vez que dificultan a calidade da atención e o propio benestar dos menores.

Tendo en conta que o benestar dos menores e a súa propia seguridade é primordial, así como o traballo e seguridade do persoal laboral do centro, consideramos vital que a Consellería de Política Social analice a xestión destes



centros e tome medidas para solucionar aquelas situacións que fan incompatible o cumprimento das finalidades destes centros, aportando propostas de solución para os problemas detectados.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.ª) Coñece a Xunta de Galicia a problemática existente no centro Santo Anxo de Rábade?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Luis Manuel Álvarez Martínez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 14/12/2020 15:52:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/12/2020 15:52:21

Julio Torrado Quintela na data 14/12/2020 15:52:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a situación da central térmica das Pontes.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social existente diante da entrega de comunicacións de traslado á práctica totalidade do persoal propio, que fai temer a decisión dun peche de carácter inminente.

Exposición de motivos

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade, de transformar radicalmente o territorio, mesmo afectando ecosistemas tan sensibles como o Río Eume ou a propia Ría de Ferrol, e de provocar tamén unha grande transformación sociolóxica en toda a contorna, supón un repto económico en diferentes sentidos de enormes dimensións.

Neste sentido, o Concello das Pontes vén de presentar un informe provisional no procedemento de impacto ambiental do proxecto de desmantelamento da central, elaborado coa participación dunha consultora e un bufete especializados en temas mineiros e industriais, no que se manifesta o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“En cálculos globais, conforme a declaracións do ano 2016 da propia Endesa (Jefatura de Servicios Económicos de la UPT), a contribución da central, entre salarios, tributos e compras a provedores ascendía 38.000.000 €/ano.”

O informe abunda tamén na perda de postos de traballo, en termos directos e máis de prexuízo circular ou de arrastre, estimando que a perda estaría nun intervalo de 1.000 a 1.400 postos de traballo.

Estas magnitudes son, ao noso xuízo, apenas unha mostra da grave crise desencadeada na localidade das Pontes e na comarca de Ferrol provocada polo peche da central.

Mais hai que ter en conta tamén que o necesario cambio de paradigma enerxético non pode supoñer para Galiza retrocesos en termos de produción, dispoñibilidade, e prezos da electricidade, dado o carácter de servizo esencial que ten para os consumidores particulares, e do mesmo xeito, deben os gobernos preocuparse porque o impulso industrial que o noso país tanto precisa poida contar con un subministro seguro e a prezos competitivos que o faga posíbel.

Desde que se anunciara o peche téñense posto en marcha diferentes iniciativas sociais, sindicais e políticas, protagonizando grandes mobilizacións e mesmo folgas, na demanda de medidas urxentes que poidan neutralizar o impacto económico sobre os diferentes sectores afectados na comarca, e froito destas téñense concretado algúns foros de encontro ou negociación, como por exemplo a coñecida como “Mesa das Pontes” no ámbito do MITECO.

No tocante á Xunta de Galiza descoñecemos se ten algún proxecto para a localidade das Pontes, ou se ten previsto elaboralo, encamiñado a manter o nivel de emprego, e que supoña participación ou promoción nesta tan manida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transición enerxética, e que aproveite tanto o punto de evacuación de REE, como a presenza, polo menos durante algún tempo máis, da empresa ENDESA operando os ciclos de gas.

A falta de concreción do anuncio dos 108 proxectos cos que a Xunta vai optar aos fondos europeos de recuperación, nos que unicamente menciona que 33 deles estarán destinados á mobilidade sustentábel e á transición ecolóxica por un total de 2.700 millóns de euros, non pode tranquilizar a ninguén, sobre todo tendo en conta o avanzado do proceso de peche da central por parte de ENDESA, tanto no que a trámites administrativos se refire como, o que é máis sintomático, aos procedementos de prexubilación e traslados do seu persoal na central.

Estes feitos contrastan cos resultados das probas que están a realizarse para alimentar a central con lodos, e que desde o entorno da propia central dan por satisfactorios a falta de continuar as probas variando proporcións e incorporando o gas como substituto do carbón.

En todo caso parece que o éxito de estas probas, ademais de manter a actividade e o emprego, tería o valor engadido da xeración de electricidade a partir de fontes renovábeis, ademais de facilitar unha solución para o tratamento duns lodos que de outro xeito terían unha xestión moi problemática.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a Xunta de Galiza a situación de Endesa As Pontes en función das últimas novidades?

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 14/12/2020 16:34:25



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, cre axeitadas as medidas tomadas polo Goberno da Xunta durante os 100 primeiros días desta lexislatura ante a maior crise económica, social e sanitaria de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**

Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/12/2020 18:20:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Que balanço fai da xestión realizada polo seu goberno da crise sanitaria, económica e social xerada pola covid-19?

Santiago de Compostela, 14 decembro de 2020


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/12/2020 18:20:20





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

